

C A D E R N O S

ENSAIO

Xosé-Henrique Costas (coord.)

# 55 mentiras sobre a lingua galega



EDICIÓNS

*laiovento*  
**LAIOVENTO**

5

ISBN 978-84-9487-172-X



9 788484 871729




C A D E R N O S

ENSAIO

Xosé-Henrique Costas (coord.)

# 55 mentiras sobre a lingua galega



EDICIÓN S

LAIOVENTO

5

# 55 MENTIRAS SOBRE A LINGUA GALEGA

ANÁLISE DOS PREXUÍZOS MÁIS COMÚNS QUE DIFUNDEN  
OS INIMIGOS DO IDIOMA

EDICIÓNS

*laiovento*  
**LAIOVENTO**

# 55 MENTIRAS SOBRE A LINGUA GALEGA

ANÁLISE DOS PREXUÍZOS MÁIS COMÚNS QUE DIFUNDEN  
OS INIMIGOS DO IDIOMA

Dirixido por:

Xosé-Henrique Costas (ProLingua)

Colaboracións dos membros de ProLingua:

Ana M.<sup>a</sup> Outón Barral, Ana M.<sup>a</sup> Iglesias Álvarez, Xosé Manuel Pérez  
Sardiña, Xosé Luís Regueira Fernández, Agustín Fernández Paz,  
Francisco Fernández Rei, Xabier Cordal Fustes, Xosé M.<sup>a</sup> Lema Suárez,  
Mercedes Queixas Zas, Suso Fernández Acevedo, Alejandro Tobar  
Salazar, Xabier P. DoCampo

EDICIÓN LAIOVENTO

2009

Primeira reimpresión: febreiro, 2010

© ProLingua

[www.prolinguagalega.org](http://www.prolinguagalega.org)

© 2009, Edicións Laiovento, S. L.

Apdo. 43 / Bertamiráns / 15220 Ames / Galiza / UE

Teléfono: + 34 981 887 570

Enderezo electrónico: [laiovento@laiovento.com](mailto:laiovento@laiovento.com)

Local na rede: //www.laiovento.com

ISBN: 978-84-8487-172-X

Depósito legal: C 4136-2009

---

© **Ilustración da capa:** Xosé Cobas (ProLingua)

---

Impreso por Gráficas Sementeira, S. A. / Noia / Galiza

Impreso en papel ecolóxico

Este libro non poderá ser reproducido, nin total  
nin parcialmente, calquera que for o medio empregado,  
sen o permiso previo do editor. Reservados todos os dereitos.

*¿Como chamaríamos a un home que consentise o derrubamento do Pórtico da Groria? Pois é certamente máis bárbaro quen deixa morrer o idioma, obra de arte insuperable, feita con amor, con door e con ledicia polos nosos antergos, que recibimos en herdo e que temos a obriga de enriquecer co espírito do noso tempo.*

Alfonso R. Castelao

*Eu falo galego porque son de aquí.*

Resposta que deu un conserxe da Universidade de Vigo cando lle preguntaron por que falaba galego.

*Como vou esquecer a miña lingua se esa foi a herdanza de meu pai e mais miña nai!*

Resposta que lle deu un emigrante de Vimianzo en Montevideo –o ferreiro Ramón de Castromil– cando o entrevistador da TVG se estrañaba de que conservase tan ben o seu idioma despois de 40 anos emigrado.

*Non estou aquí pola lingua dos meus pais nin pola miña, estou pola lingua dos meus fillos e dos meus netos.*

Escoitado na gran manifestación pola lingua galega do día 18 de outubro de 2009 en Compostela.

*A min gústame falar galego porque me gustan as palabras de cores.*

Palabras dunha nena nunha biblioteca de Cambre (A Coruña).

*Queremos a nosa lingua como queremos os nosos pais ou os nosos fillos: porque son nosos; e abonda.*

## LIMAR

O libro que ten vostede nas mans é unha das mellores noticias dos últimos anos. É un libro útil. Non ha tardar en comprobalo: sentirá, desde a primeira páxina, o ruidiño que fan as falacias (as mentiras, os sofismas, as arbitrariedades) cando escachan ao caer. En ocasións o equipo científico de ProLingua, dirixido con brillantez por Henrique Costas, só tivo que empurralas cun dedo; outras veces cumpriu máis calma para poñer panza arriba a perversa engrenaxe diso que persoas pouco afectas á lingua de Galicia levan anos espallando. E axúdanas, cómpre dicilo, medios de comunicación que ao repetir cada falsidade parecen dirixirse a outro país, o dos inicios do século XX, cando máis do 60 % da poboación era analfabeta.

Hai moitas maneiras de faltar á verdade, e tamén existen –dise– excusas que xustifican ese dubidoso comportamento; gústanos falar de mentiras «piadosas». Desde logo que as que desmonta este libro non o son. Trátase dun conxunto de falacias co único fin de destruír a parte do universo que o noso idioma representa. Naceron movidas polo desprezo e por ideoloxías que xogan a proclamar todo aquilo que non son. Mesmo están as que posúen o cheiro inconfundible do odio.

Non sabe vostede, ou se cadra si, o difícil que resulta para o profesorado de Lingua galega no exterior (en Tübinga, en Toronto, en Varsovia etc.) dar explicado a un universitario alemán ou a unha alumna canadense que certa xente censada neste noso país dedica moito tempo a combater a existencia plena, culta e oficialmente recoñecida do seu propio idioma. Un amor elemental á humanidade fainos crer que tal cousa non é posible.

Cando a lingua (e a literatura) galega moderna se refundaba no XIX os seus inimigos pensaron que un par de mentiras serían abondo para desacreditala e facela desaparecer. Tamén hai pouco menos dun século, os entusiastas defensores do idioma esixían a súa oficialidade. Son parte da memoria comunal da mesma maneira que pasou ao esquecemento colectivo o nome desoutros que vertían descalificacións contra o galego, considerándoo un estorbo antes que unha ferramenta.

Quizais por iso, porque coñecen a historia algo mellor do que dan a entender, hoxe nin sequera os adversarios menos disimulados do idioma se atreven a esixir a súa desaparición da vida pública. Pero

repetindo mil veces o que non existe coidan que a confusión e a ignorancia conseguirán dividir a sociedade. Calculan mal. E subestiman un país enteiro.

Este libro contribúe a desenmascarar a quen só coñece palabras de exclusión, de segregación e de negación. A limpeza dos feitos volverá ser a súa derrota. Por iso, porque debulla argumentos xa ben coñecidos na comunidade científica nacional e internacional, porque responde ao sentir da maioría da poboación galega, polo seu rigor breve e ameno, esta obra vai resultar unha moi boa noticia. A publicación dun manual contra a mesquindade sempre o é.

## ACTITUDES E PREXUÍZOS

Chamámoslle actitude á predisposición a avaliar favorable ou desfavorablemente un obxecto, persoa ou situación (unha lingua, no caso das actitudes lingüísticas) e a actuar de acordo con esa avaliación. Os prexuízos nacen das actitudes. Un prexuízo é unha idea preconcebida, que ten a súa orixe nun erro (deliberado ou non) na categorización da realidade.

Ao falarmos de prexuízos de calquera tipo, imos atopar sempre unha situación de desigualdade entre dous grupos sociais, porque a función dos prexuízos consiste en «defender» sempre o papel privilexiado e o predominio do grupo social con máis poder económico, político, cultural, mediático etc., e asemade facelo de xeito que eses privilexios se neguen e queden ocultos. Isto vese moi ben nos discursos que sosteñen os clásicos prexuízos sobre a cor da pel, sobre o xénero ou sobre a inmigración.

Por este motivo, os prexuízos agudízanse cando se producen intentos de equilibrar a situación de desigualdade social, no sentido de reducir as diferenzas e os desequilibrios existentes entre os dous grupos en cuestión. Así pois, calquera medida encamiñada a mellorar a situación de inferioridade dun grupo con respecto a outro provocará unha reacción contraria do grupo privilexiado que se manifestará nun discurso máis ou menos elaborado baseado sempre en prexuízos clasistas, as máis das veces disfrazados de «agresión», «imposición», «liberdade de elección», «conculcación de dereitos» etc. O privilexiado, instalado nunha posición dominante, deféndese adoptando agora o papel de vítima e negando as desigualdades.

Estes prexuízos vanse ver reforzados polo peso da tradición e as inercias históricas, pois convén lembrar que os poderosos defenden unha situación de desigualdade e inxustiza consolidada polo tempo e aceptada con resignación por moita xente («sempre foi así e agora non o imos cambiar»). De aí que para se enfrontar a eses prexuízos sexa necesario facer un esforzo para cuestionar o que se considera como normal ou natural, «o de sempre».

Os prexuízos están encamiñados a manter a situación de privilexio do grupo dominante, pero, aínda que pareza paradoxal, o seu éxito social baséase en conseguir que sexan interiorizados tamén polo grupo dominado. Do mesmo xeito paradoxal, o discurso que de-

fende a desigualdade e a inxustiza social vai recorrer con moita frecuencia aos termos liberdade, democrático, dereitos, igualdade etc., apropiándose deles e manipulándoos para defender a tradicional relación intergrupala de dominación, en que un grupo ocupa o chanzo superior (sexa o dos homes, o dos brancos ou o dos castelanfalantes) e o outro o inferior (sexa o das mulleres, o das persoas doutras razas ou o dos galegofalantes).

Neste sentido, Agustín Fernández Paz<sup>1</sup> recórdanos as palabras de Lindon B. Johnson en contra do apartheid: «Pensem nun home que permanece encadeado durante moitos anos. Liberámolo e conducímolo á saída dunha carreira dicíndolle: “es libre de participar cos outros”. Podemos considerar que estamos sendo equitativos? En absoluto, iso non é «liberdade para participar en igualdade» porque ese home non vai correr en igualdade de condicións que os outros participantes. Precisa coidados axeitados, alimentación, rehabilitación e adestramentos previos, precisa ser «discriminado positivamente» para poder competir en igualdade.»

A defensa cínica da igualdade e da liberdade de elección puras sempre beneficia os que teñen o poder (económico, social, político, cultural, mediático etc.) en cada momento histórico. Destas oligarquías negacionistas parten sempre toda unha restra de prexuízos contra a lingua galega que non son máis que falacias. O dominio que dalgúns medios de comunicación teñen estes estamentos poderosos e clasistas, empeñados en faceren desaparecer toda singularidade galega ou reducila a folclorismo barato, fai que estas mentiras acaben callando como verdades en sectores populares, cando non son máis que trolas repetidas, falacias moi doadas de desmontar.

<sup>1</sup> *Oito doas para San Simón*. Xerais, 2009.

## A. MENTIRAS SOBRE A HISTORIA DAS LINGUAS

*1. O castelán convive co galego en Galicia desde o século XIII. Desde aquela o castelán é unha das linguas de Galicia. Non houbo, pois, imposición histórica do castelán.*

Convivir non é a palabra exacta. O castelán chega a Galicia imposto polos cargos públicos casteláns (bispos, abades, notarios, militares etc.), cando os postos dirixentes en Galicia foron ocupados por persoas de fóra, unha minoría elitista e urbana que nunca pasou do 3 % da poboación e que sempre renegou de Galicia. Entre cargos foráneos e galegos castelanizados non chegaban ao 10 % da poboación hai menos de 100 anos. Estas clases dirixentes foráneas sempre foron unha minoría postiza.

A única maneira de acceder a postos públicos, altos empregos na administración etc., era obrigatoriamente castelanizándose, porque o castelán era a única lingua posible da administración, da xustiza, da escola, da prensa, do prestixio, da clase alta, dos usos oficiais etc. Deste xeito, a gran maioría da poboación tivo que aprender castelán obrigadamente para se relacionar con médicos, avogados, administradores, xuíces, bispos, militares etc. Ninguén cambia de lingua na súa terra por gusto nin por comodidade, senón por circunstancias coercitivas. O castelán, orixinario de Castela, impúxose por presión, non polo desexo de que así fose, nunha terra da que non era a lingua propia, Galicia, sobre unha poboación que falaba outra, a súa, o galego.

*2. As linguas expándense por razóns pragmáticas derivadas de condicionamentos sociohistóricos alleos a toda consideración política.*

Trátase dunha falsidade, porque o condicionamento político foi evidente. O castelán estendeuse en Galicia desde as clases altas foráneas por presión e imposición do poder, e as clases medias urbanas adoptaron o castelán por mímese ou imitación dos poderosos. Galicia foi castelanizada oficialmente desde o cumio da pirámide social por decisións políticas centralistas asimilatorias. Repárese en que –segundo os negacionistas– o castelán non se im-



pón pola forza, senón que «se estende» inocuamente e os outros pobos «aceptan libremente» a supremacía do castelán. A isto chámase imperialismo lingüístico.

Se a xente quería medrar na escala social tiña que obrigatoriamente pasarse ao castelán, xa que o galego estaba proscrito e estigmatizado nos usos cultos e oficiais. Os condicionamentos sociohistóricos foron esencialmente políticos, polo que tamén teñen que ser políticas as medidas de equilibrio e restauración da normalidade.

Ningún pobo acorda libre e voluntariamente un bo día deixar de falar o seu idioma e adoptar outro diferente, a non ser que nese proceso de «adopción» interveñan factores políticos (colonización, imposición, sometemento, asimilación forzosa etc.).

Aínda hoxe, ano 2009, moita xente non quere «ter problemas» (administración, xulgados, policía, busca de emprego etc.) ou que a «encasillen» prexuízosamente de primeiras como aldeá ou nacionalista perigosa e ten que pasar polo aro do castelán. Razóns pragmáticas? Non, razóns prácticas de supervivencia e tranquilidade, pero nunca de «liberdade de elección».

*3. A lingua galega nunca foi discriminada. O pobo galego elixiu voluntariamente o castelán na procura do seu benestar. Os galegos adoptaron de maneira natural o castelán porque viron que lles abría máis posibilidades de futuro que o galego.*

Son dúcias as leis, decretos e normas variadas que obrigaron a falar pola forza castelán ao longo dos últimos 400 anos, sobre todo no período franquista (1936-1976). Neste período o número de persoas galegofalantes reduciuse á metade por diversos motivos: a) represión legal do idioma galego; b) xeneralización da educación obrigatoria en castelán; c) popularización dos medios de comunicación de masas só en castelán; d) extensión do aparello central do Estado a moitos lugares onde nunca chegara; e) extensión dos prexuízos e desprezos contra a lingua galega e os seus falantes. En 1938 apenas o 10 % da poboación galega falaba castelán, pero 50 anos despois case a metade dos habitantes de Galicia xa non falaba habitualmente galego. Abandono voluntario do idioma ou discriminación, represión e asimilación? Liberdade ou imposición?

Algunhas destas normas e leis secularmente discriminatorias e represivas contra a lingua galega perviven ata os nosos días. Vexamos só algunhas delas:

- 1717 Decreto de nueva planta: «los corregidores pondrán el mayor cuidado en introducir la lengua castellana, a cuyo fin darán las providencias más templadas y disimuladas para que se consiga el efecto sin que se note el cuidado».
- 1768 Real cédula de Aranjuez. Art. VII: «Mando que la enseñanza se haga en lengua castellana dondequiera que se practique, cuidando de su cumplimiento las audiencias y justicias respectivas».
- 1799 Unha real orde establecía que: «En ningún teatro de España se podrán representar, cantar ni baylar, piezas que no sean en idioma castellano, y actuadas por actores y actrices nacionales...»
- 1801 O Reglamento de Teatro prevía que «no podrán representarse piezas que no sean en idioma castellano y actuadas por actores y actrices nacionales».
- 1857 Ley Moyano de instrucción pública. Art. 88: «La Gramática y Ortografía de la Academia Española serán texto obligatorio y único para estas materias en la enseñanza pública».
- 1862 Ley del notariado. Art. 25: «Los instrumentos públicos se redactarán en lengua castellana».
- 1867 Real orde do ministro da Gobernación (Boletín Oficial núm. 224 de 29 de xaneiro) sobre produción teatral: «En vista de la comunicación pasada a este Ministerio por el Censor interino de teatros del reino con fecha 4 del corriente, en la que se hace notar el gran número de producciones dramáticas que se presentan a la Censura escritas en los diferentes dialectos, y considerando que esta novedad ha de contribuir forzosamente a fomentar el espíritu autóctono de las mismas destruyendo el medio más eficaz para que se generalice el uso de la lengua nacional; la Reina (Q. D. G.) ha tenido a bien disponer que en adelante no se admitan a la Censura obras dramáticas que estén exclusivamente escritas en cualquiera de los dialectos de las provincias de España».
- 1896 Prohibición da *Dirección General de Correos y Telégrafos* para falar por teléfono en linguas diferentes do castelán.

- 1902 Real decreto sobre o ensino do catecismo. Art. 2: «Los maestros y maestras de instrucción primaria que enseñen a sus discípulos la doctrina cristiana en un idioma o dialecto que no sea la lengua castellana, serán castigados la primera vez con amonestación. Si reincidiesen, serán separados del Magisterio oficial».
- 1923 Real decreto contra el separatismo. Art. 2: «No podrá usarse por las personas investidas de autoridad otro idioma que el castellano (...) las corporaciones de carácter local o regional están obligadas a llevar en castellano los libros de registro».
- 1924 Regulamento para elaboración e venda de especialidades farmacéuticas. Art. 30: «Las etiquetas, envolturas y prospectos serán redactados en español».
- 1926 Real orde que fixa sancións aos mestres. Art. 1: «Los maestros que proscriban, abandonen o entorpezcan la enseñanza del idioma oficial en aquellas regiones en que se conserva otra lengua nativa, serán sometidos a expediente, pudiendo serles impuesta la suspensión de empleo y sueldo». Art. 2: «En caso de reincidencia podrá acordarse su traslado a otra provincia donde no se hable más que la lengua oficial».
- 1937 Orde do goberno nacional (BOE 26/5/1937) pola que se prohíbe «el uso de otro idioma que no sea el castellano en los títulos, razones sociales, Estatutos o Reglamentos y en la convocatoria y celebración de Asambleas o Juntas».
- 1938 Orde ministerial sobre o Rexistro Civil (BOE 18/5/1938): «(...) La España de Franco no puede tolerar agresiones contra la unidad de su idioma. Art. 1: «En todo caso, tratándose de españoles, los nombres deberán consignarse en castellano».
- 1938 Orde ministerial sobre cooperativas (BOE 21/5/1938): «Queda terminantemente prohibido el uso de otro idioma que no sea el castellano».
- 1938 Orde ministerial de agosto: «Son nulas y sin valor legal las inscripciones practicadas en idioma o dialecto distinto del castellano».
- 1939-1940 Declárase único idioma oficial o castelán en rótulos, letreiros, carteis etc., expostos ao público; en nomenclatura de hospedaxes; en rexistro da propiedade industrial (...) «las palabras pertenecientes a distintos dialectos están en pugna con el sentimiento nacional y españolista».
- 1940 Circular sobre uso do idioma polos funcionarios: «Todos los funcionarios que en acto de servicio se expresen en otro idioma que no sea el oficial del Estado, quedarán ipso facto destituidos, sin ulterior recurso».
- 1940 Normas sobre cinematografía: «Todas las películas deberán estar dialogadas en castellano prescindiéndose, en absoluto, de los dialectos».
- 1942 O xornal *El Ideal Gallego* publica que «el Gobernador de la provincia multó a varios vecinos por hablar en público en gallego».
- 1950 Prohíbeselles aos escolares, aos cregos e aos seminaristas o uso doutra lingua que non sexa o castelán.
- 1951 Juan Aparicio, director xeral de Prensa, ordénalles aos directores de xornais galegos que queda prohibida a publicación de calquera nova, artigo ou comentario en galego.
- 1951 Orde gubernativa de 31/12/1951: prohíbese o uso da lingua galega en actos e discursos da Real Academia Galega. Prohíbese o uso da lingua galega en conferencias ou actos culturais. Prohíbese traducir literatura estranxeira ou o uso doutra lingua que non sexa o castelán.
- 1967 O ministro de Información e Turismo, Manuel Fraga Iribarne, ameaza con pechar o xornal coruñés *La Voz de Galicia* se lle outorgan un premio a un artigo escrito en galego. O director do xornal, Francisco Pillado Rivadulla, foi multado con 50.000 pesetas da época (hoxe, aproximadamente, 10.000 euros).
- A estas normas que impoñen pola forza o uso do castelán (a auténtica imposición) hai que lles engadir as incontables imposicións que se produciron e se producen nos ámbitos oficiais e o constante menosprezo da lingua galega. Algunhas ben sangrantes e coñecidas son:
- 1936 No xuízo sumarísimo e ilegal ao que foi sometido en Pontevedra Alexandre Bóveda (17/8/1936), o presidente do tribunal que o xulgou permitiulle dicir unhas palabras ao final, pero con dúas condicións: falar só por espazo de dez minutos e «no expresarse sino en el idioma glorioso de los buenos españoles, que es el español, y de ninguna manera en el dialecto gallego».

- 1938 Arenga do dirixente falanxista Giménez Caballero: «¡Escuchad bien esto y para siempre, muchachos españoles! ¡Quien de vosotros olvide su lengua española o la cambie por otra, dejará de ser español y cristiano! ¡Por traición contra España y pecado contra Dios! ¡Y tendrá que escapar de España! ¡Y cuando muera, su alma traidora se irá al infierno!».
- 1951 Juan Aparicio, director xeral de Prensa (*Pueblo*, 21/6/1951), a propósito da tradución que fixeron Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro da obra de Martin Heidegger *Da esencia da verdade*: «En Galicia algún pedante traduce la filosofía alemana con ritmo de gaita (...) El que escribe eso es un escritor con faltas de ortografía en su pluma y en su alma (...) habría que someterlo a una cura de psicanalista o traerlo aquí a Madrid por las buenas o por las malas, para que tonifique su sistema moral y su sistema nervioso...».
- 1955 Nunha folla voandeira saída da Imprenta Sindical da Coruña e distribuída por toda Galicia dicíase: «Hable bien. Sea Patriota. No sea Bárbaro. Es de cumplido caballero que Usted hable nuestro idioma oficial, o sea, el castellano. Es ser patriota. Viva España y la disciplina y nuestro idioma cervantino ¡¡Arriba España!!».
- 2007 O regulamento interno da UNED prohibía usar en traballos de investigación outras linguas que non fosen o español «ou linguas internacionais», pero non galego, catalán ou éuscaro; só a teimosía e a resistencia dun doutor galego, que tivo a tese paralizada tres anos por estar no noso idioma, conseguiu que se abolise moi recentemente esta prohibición.
- 2008 Seguen aínda en vigor arredor de 150 disposicións, artigos e decretos que obrigan ao uso do castelán na industria e no comercio (etiquetaxe, prospectos, instrucións de uso etc.). Só en 2008, tres reais decretos imponían o uso do español na etiquetaxe: RD 1079/2008, RD 1246/2008 e RD 1644/2008; porén, seica o artigo que obrigaba ao bilingüismo castelán-galego na Lei de comercio galega é imposición, os outros 150 que obrigan ao monolingüismo en español non o son.

E na actualidade, en pleno século XXI continúan numerosas persoas galegofalantes autocensurándose para evitar problemas á vista de que seguen a existir pexas para podermos vivir en galego con normalidade en Galicia.

En numerosas cidades e vilas galegas moitos avogados recoméndanlles aos clientes que –por se acaso– non usen o galego nos xulgados; escriturar unha hipoteca en galego leva dous meses, en castelán dous días; moitas empresas rachan os currículos que lles chegan en galego de aspirantes a un posto de traballo; hai empresarios que lles prohiben falar galego aos seus empregados e mesmo hai despedimentos polo uso do galego; hai represión sutil contra o galego na sanidade, na escola, no comercio etc.

Todo isto fai que sexa case heroico facer vida normal en galego e que algúns galegos acaben por ceder e renunciar aos seus dereitos para evitar problemas. Pero hai tamén galegos que non cedemos e ao final sempre abrimos fenda e conseguimos ter a hipoteca, a escritura ou un contrato en galego, proba evidente de que se a xente quere e se mantén con firmeza e educación na fidelidade á lingua, o galego avanza.

*4. O español é a lingua común creada ao longo dos séculos por todos os pobos de España sobre a base do castelán, lingua común de encontro para o benestar, as viaxes, o comercio, a literatura etc. A expansión do castelán non foi forzada, foi lóxica a partir da necesidade dunha lingua común de relación.*

Esta pésima e resesa lectura da historia provén do ensaio *El rumor de los desarraigados* (1985) de Ángel López García. O castelán foi en orixe, como toda lingua románica, un latín vulgar «mal falado», neste caso por pobos euskaroides en proceso de latinización (séculos III-X); en ningún caso se pode considerar o español como unha lingua resultado do proceso de fusión e integración de galego, castelán, asturiano, aragonés, éuscaro e catalán. Isto é unha interpretación filolóxica delirante.

O castelán non foi lingua de encontro porque en Castela non coincidiron nin se fusionaron poboacións galegas, catalás ou portuguesas que axudaron a crear entre todas o español. O castelán non foi lingua franca do comercio –por central da península– xa que os comerciantes adoptaban a lingua dos clientes ou acudían a algún crioulo que permitise a comunicación. Hai documentación que demostra que os xudeus casteláns instalados en Galicia no medievo empregaron axiña o galego

nos seus documentos e actividades comerciais, polo que de ningún xeito o castelán era a «lingua común do comercio e da comunicación» xa desde a época medieval. Os comerciantes adoptan sempre a lingua dos compradores, nunca ao revés. Agás, claro está, na actualidade, onde un bo número de comercios atende só en castelán aos clientes que nos expresamos en galego.

O castelán foise impondo como lingua da corte desde o séc. XIII ata o séc. XV, e é a partir desta época –precisamente por ser a única lingua da monarquía e do aparello legal–, cando se expande e se impón en todos os eidos, polo prestixio real derivado da presión política.

A maioría da poboación, afastada dos ámbitos de decisión e de poder, seguiu a falar galego na súa vida cotiá. A extensión cuantitativa do castelán en Galicia foi moi serodia, aínda que moi acelerada nos últimos setenta anos. Segundo o *Mapa sociolingüístico de Galicia* (1992), en 1967 só o 13 % dos galegos eran monolingües en castelán.

*5. Hai un clamor en Galicia por retornar ao «sentido común» e situar o castelán no lugar que lle corresponde historicamente.*

Este hipotético clamor (máis ben balbordo mediático-clasista), segundo os membros da directiva do Club Financiero de Vigo (de dúbida competencia en sociolingüística), debería levar a situar o galego no lugar que lle corresponde historicamente: para aturuxar, falar coas vacas e cantar folclore ou, no mellor dos casos, para as conversacións informais e familiares. Para as cousas serias: o castelán.

A comezos de 2009, en plena campaña electoral ao Parlamento galego e despois de meses de bombardeo mediático co falso discurso da «imposición del gallego», segundo o CIS (Centro de Investigacións Sociolóxicas) o «problema da lingua» só lle interesaba ao 1,8 % dos galegos, porque a maioría estaban preocupados pola economía, o paro e outros asuntos. Curiosamente, o mesmo CIS informaba tamén de que a política lingüística do bipartito fora do mellor valorado polos cidadáns do goberno saínte: boa para o 27 %, regular para o 40 % e mala para o 23 %. U-lo clamor social contra a «imposición do galego»?

Se por tal se entende o número de pais de alumnos que solicitaron a educación só en castelán, ese clamor redúcese ao 0,5 % do to-

tal. E se o presunto clamor se estende ás supostas 100.000 sinaturas presentadas en febreiro do 2009 contra do Decreto 124/2007, habería que indicar moitas cousas: a) gran parte desas sinaturas foron recadadas fóra de Galicia entre persoas non galegas, que non coñecen a realidade de Galicia máis que polas deformacións que lles contaron os medios madrileños e que nunca viviron en Galicia; b) outra parte desas sinaturas foron recollidas con engano na rúa e nas portas das escolas galegas con engados como «Firme contra la eliminación del castellano de las escuelas»; c) algunhas desas sinaturas corresponden a persoas inexistentes ou persoas falecidas porque non se verificou a autenticidade da identidade dos asinantes.

Se o clamor son os despropósitos que redactan dous directivos dunha asociación empresarial ou algún medio de comunicación, é que non hai tal clamor. O que si hai é unha intención deliberada de parte da oligarquía urbana, das «familias-bien-de-toda-la-vida», de provocar ruído e de crear na cidadanía un estado de opinión acorde cos seus propósitos. Mais, por moito que este ruído abouxe e confunde as ideas dalgúns dirixentes políticos, non deixa de ser só iso: fume.

Se o clamor son os resultados enganosos da consulta realizada pola Consellaría de Educación, unha desfeita técnica sen fiabilidade ningunha, sen análises por hábitat ou tipo de centros públicos ou privados, con total ocultación de datos de participación por centros, cunha fraude demostrada na recollida irregular das enquisas etc., daquela podemos dicir que ese clamor contra o galego só foi expresado claramente polo 1 % dos habitantes de Galicia. Háichevos cada clamor!

E unha última cuestión: por que non se realizou tamén unha «consulta lingüística» no ensino universitario, onde apenas o 15 % das aulas se imparten en galego? Aquí terían que responder a enquisa os estudantes universitarios, maiores de idade, e así poderían escoller libremente a lingua en que quixerían estudar a carreira; porque doutro xeito non hai liberdade lingüística na universidade senón imposición evidente dunha das linguas.

## B. MENTIRAS SOBRE SOCIEDADE E IDENTIDADE

*1. O castelán é tan lingua propia de Galicia como o galego porque é a lingua dos galegos que falan castelán.*

Levemos ao absurdo este razoamento: o tamazight é tan lingua propia de Galicia como o galego (porque hai tres mil cidadáns galegos que falan tamazight) e o romanés, o guaraní, o chinés mandarín, o chinés cantonés, o wolof, o iorubá, o árabe hassaniya, o quechua, o catalán etc., son tamén linguas propias de Galicia porque hai cidadáns galegos (residentes, censados e contribuíntes en Galicia) que falan esas linguas. De seguirmos con este razoamento, o galego tamén sería a lingua propia de Arxentina, Suíza, Alemaña, Madrid, Catalunya, Australia etc., porque nestes territorios é a lingua propia dos galegos que seguen a falar galego.

Non, a única lingua propia, autóctona, natural, nativa de Galicia é o galego. As outras, por moi ou pouco faladas que sexan, non son propias, autóctonas, naturais desta terra, son linguas de persoas que aquí viven, desde hai moitos anos ou desde hai poucos.

O castelán non é a lingua natural de Galicia, aínda que sexa cooficial. O inglés é lingua cooficial en Tanzania e a ninguén se lle ocorre dicir que o inglés sexa tan tanzano como o swahili, lingua maioritaria, autóctona e cooficial nese estado africano.

O castelán é unha lingua foránea que, segundo a Constitución, todos temos a obriga de coñecer. Fálano sempre ou ás veces bastantes galegos na actualidade, adaptándoo, non obstante, de xeito inconsciente á fonética, á morfosintaxe e ao léxico do galego. Pero o castelán non é a nosa lingua propia porque veu de fóra e, de feito, cando nos queremos diferenciar como pobo singular ou queremos marcar identidade, recorremos ao galego para facelo. O castelán é, para a maioría dos galegos, unha lingua persoal adoptiva, como para outros galegos criados en castelán a lingua persoal adoptiva é o galego.

Hoxe en día, coa uniformidade que trae consigo a globalización, na amálgama mundial falar castelán non nos distingue como galegos dun mexicano, dun madrileño ou dun chileno; falar galego si. De aí, por exemplo, o éxito que está a ter o galego na internet.

*2. Non son os territorios os que posúen as linguas, nin as linguas as que posúen os territorios; son os cidadáns os que posúen linguas e territorios.*

Esta é unha das falacias máis empregadas, polo que convén detérmolos especialmente nela. Hai sentenzas do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos que negan esta mentira por unha elevación ao absurdo: se fosen os cidadáns os que posúen os dereitos lingüísticos, estes dereitos poderíanos exercer eses cidadáns en calquera territorio onde residisen ou por onde circulasen. É dicir, se existise unha auténtica liberdade lingüística (e non unha desculpa calquera para a imposición do castelán) cada un dos 25 idiomas oficiais da Unión Europea deberían ser válidos en toda Europa para se presentar a unhas oposicións en calquera lugar da Unión. Somos tan libérrimos que aceptamos isto?

Se todos os españois temos os mesmos dereitos, como proclama a Constitución, un castelán de Murcia ten os mesmos dereitos lingüísticos que un galego de Monforte, independentemente de se os dous viven en Bilbao, Madrid ou Sevilla. Iso, de facto, suporía a cooficialidade de galego, éuscaro e catalán en toda España. Iso é o que pasa en Irlanda co gaélico e o inglés, en Finlandia co sueco e o finés. Os galegos temos dereito a vivir en galego en calquera parte do Estado español porque os dereitos son das persoas e non das linguas? Calquera persoa que reivindique ou defenda o galego asinaría iso sen dubidar.

Se as linguas (en tanto que expresións comúns de conxuntos de cidadáns) non posúen dereitos, debería empezarse por suprimir da Constitución Española toda referencia ao deber de coñecer o castelán. Porque aí si que é evidente que o castelán ten dereitos que se lle negan ao galego. Máis claro aínda:

	Galego	Castelán
É natural de Galicia?	Éo	NON
É oficial en Galicia?	Éo	Éo
Existe o dereito de usalo?	Existe	Existe
Existe o deber de coñecelo?	NON	Existe

Temos dereito a usar galego ou castelán, pero só temos o deber (obriga e imposición legal) de coñecer o castelán, mesmo os galego-

falantes. Cal é a única lingua que por lei se impón, mesmo nos territorios onde non é lingua natural? U-la auténtica imposición?

Serían honradas e coherentes as asociacións autodenominadas bilingües de reivindicaren os mesmos dereitos para todos os cidadáns en calquera lugar. Mais só defenden os dereitos monolingües dunha parte dos cidadáns: os que falan castelán; non son sinceras, non son cribles, agochan intolerancia e feroz imposición do imperial español debaixo da fermosa máscara da «liberdade de elección».

*3. Quen non somos falantes de galego non temos a responsabilidade de mantelo e falalo. Que se movan os que queiran falalo pero non á nosa costa.*

De igual maneira, os que non somos falantes habituais de castelán non teríamos que contribuír cos nosos impostos ao mantemento de TVE1, TVE2, TVE-I, RNE, Instituto Cervantes, Ministerio de Cultura etc. Que os paguen os que queiran promover o castelán, non os que queremos promover outras linguas. E os que somos falantes de galego e castelán, teríamos que pagar o dobre? E os que non usen o ensino público nin a sanidade pública, por que teñen que contribuír cos seus impostos á educación ou á sanidade? Como se ve, este argumento non se sostén.

Se unha persoa non se move das cidades e non se interesa pola ecoloxía, como tería que facer para que non se detraese dos seus impostos o que se destina á conservación da natureza? Por que tería que pagar servizos de incendios ou sanidade pública se nunca os utiliza? Os ultralibérrimos neoconservadores, adaís do egoísmo máis atroz, está visto que non serven para vivir en sociedade como as persoas.

*4. Cando unha persoa se dirixe a nós en castelán, os galegofalantes debemos cambiar de lingua e responder na do noso interlocutor.*

Esta é unha das pautas de comportamento lingüístico máis arraigadas no conxunto da sociedade galega. En principio, parece unha mostra de respecto exemplar, semella que con el se acada un trato democrático e igualitario para as dúas linguas presentes nela.

De feito, as persoas que falan habitualmente en galego saben que en ocasións se lles ten chamado a atención («qué maleducado, le hablé en castellano y él me siguió hablando en gallego») e se lles ten cualificado de obcegadas ou dogmáticas por non seguir esta pauta de conduta. Na práctica, son moitas as que, sendo galegofalantes habituais, obedecen á presión desta norma e cambian ao castelán cando o utiliza o seu interlocutor.

Quizais non houbese nada que obxectar a esta pauta de comportamento se o galego e o castelán tivesen unha presenza e, sobre todo, unha consideración social semellantes e, en consecuencia, os castelanfalantes tamén cambiasen de lingua cando o seu interlocutor se dirixise a eles en galego. Pero non o fan así, agás excepcións. Créase entón unha disimetría que ten consecuencias moi lesivas para a lingua galega. Jesús Royo, no seu libro *Unha lingua é un mercado*<sup>2</sup>, fai unha brillantísima análise do que hai detrás de todo isto. Para iso, parte dunha representación da sociedade de catro persoas (dúas galegofalantes, dúas castelanfalantes) como se fose unha mostra da sociedade real, e analiza as conversas que se poden dar entre elas, co resultado de 28 posibles actos de fala. Analizándoos un a un, chégase a un resultado sorprendente: se as persoas se comportan de acordo coa falacia que estamos a analizar, un aserto que socialmente é sentido como respectuoso e democrático, compróbase que dos 28 teóricos actos de fala soamente dous serán en galego e os outros 26 serán en castelán! O 93 %!

O máis rechamante é que se aumentamos o número de falantes, procurando que sempre sexa paritario -3 e 3, 4 e 4, N e N etc.-, ocorre que as porcentaxes do castelán aumentan progresivamente e as do galego diminúen. Cando N tende a infinito (e en Galicia vivimos case tres millóns de persoas), a porcentaxe de conversas en galego tende a 0 e a de conversas en castelán tende a 100.

Pódese falar de democracia e de respecto con estes datos? Unha aparente igualdade lingüística devén nunha brutal ocultación social do galego. Como se pode continuar asumindo que é de boa educación cambiar ao castelán cando nos falen en castelán? Iso, que nos «invita» a falar en galego só cando os interlocutores son tamén galegofalantes (unha práctica lingüística habitual, incluso entre xente

<sup>2</sup> *Unha lingua é un mercado*. Xerais, 1997.

comprometida co galego), leva aparelhada unha ocultación case total da lingua galega. En normas sociais como esta está a explicación dun fenómeno moi preocupante, como é a escasa presenza social da lingua galega, sobre todo en determinados ámbitos urbanos. A transgresión desta norma tan falaz, das máis lesivas para o galego, é unha das condicións esenciais para avanzarmos no proceso normalizador.

### *5. Queremos unha Galicia bilingüe, aínda que non todo o mundo está capacitado para ser bilingüe.*

En realidade, esta é a forma aparente que utilizan os negacionistas porque non se atreven a dicir que desexan unha Galicia segregada, onde non se vexan na obriga de ter roce ningún co galego. O único bilingüismo que queren é o castelán/español. Falan de bilingüismo para volver a etapas non xa de anteriores gobernos autonómicos, senón da época preconstitucional, cando o galego era pura teoría, simple desiderátum e ningunha práctica escolar, ou mesmo máis atrás no tempo.

Un portavoz do negacionismo, a mesma persoa que afirmaba que só ela e pouca xente máis estaban capacitados para seren bilingües, dicía no *Xornal de Galicia*<sup>3</sup>: «Nós non avogamos polo bilingüismo. Nós chamámonos Galicia Bilingüe, significa que Galicia é un territorio con dúas linguas, e cada galego será o que queira ser, bilingüe ou monolingüe». Está todo dito nesta afirmación!

Só falan dunha «Galicia bilingüe» e de «liberdade» como dereito a escoller non ter nada de galego, dereito a ignorar totalmente o galego no ensino e na administración en Galicia. Nada falan do dereito a escoller nin da liberdade para poder usar e escoller galego ou castelán na xustiza, no comercio, nos medios de comunicación, na igrexa, no mundo do traballo, na sanidade etc., onde o uso normal do galego aínda é unha teimosa heroicidade inasumible pola maioría da cidadanía.

Queren agora unha «Galicia bilingüe», queren o «dereito a escoller unha lingua concreta de escolarización dos fillos (só en español)», cando nada fixeron durante o franquismo, nin durante o fraguismo,

<sup>3</sup> <http://www.xornal.com/artigo/2009/09/20/politica/gloria-lago-feijoo-non-cumpre-prometeu-podemos-darlle-moitas-sorpresas/2009092021324779400.html>

nin agora no feixoísmo, nin nos eidos sociais diferentes do mundo escolar onde o galego é aínda minorizado e ignorado, cando non proscrito e desprezado.

Non queren unha Galicia bilingüe ou plurilingüe, queren unha Galicia bimonolingüe, con dúas partes ben diferenciadas: os falantes só de castelán (eles) e os falantes de galego e castelán (o resto). Eles queren vivir en Galicia só en castelán sen que o galego –que eles desprezan por prexuízo clasista e/ou ideolóxico– os «luxe».

Están afeitos tradicionalmente («de toda la vida») a manterse no monolingüismo, pois os únicos cidadáns que se vían obrigados en Galicia a aprender outra lingua (o castelán) eran os que falaban galego, e nunca á inversa. Iso denomínase en sociolingüística «bilingüismo asimétrico ou asimilatorio». É dicir, só un dos grupos lingüísticos se fai bilingüe. Por tanto, rexeitan calquera medida que supoña unha obriga de aprender o galego para os castelanfalantes, como se o monolingüismo se tratase dun ancestral privilexio nobiliario ao que non van renunciar, sen se decataren de que o privilexio é ser bilingüe desde os primeiros anos.

E si, demóstrase con exemplos evidentes en moitos países con sistemas de ensino bilingües; todo o mundo que non teña problemas especiais está plenamente capacitado para ser bi ou plurilingüe, sobre todo se desde moi cativos os nenos están escolarizados en dúas ou máis linguas.

*6. Galicia é bilingüe porque a maioría dos seus habitantes poden falar dúas linguas; outra cousa é que decidan usar libremente, sempre ou case sempre, unha delas.*

En primeiro lugar, esa liberdade de que falan non existe. En moitas vilas e cidades galegas non podemos usar libremente o galego, mentres que o castelán si; polo tanto, mal se pode falar de liberdade. Non hai liberdade para usar o galego en moitos ámbitos: nun xuízo (a non ser que queiramos arriscarnos a perdelo), nunha entrevista de traballo (a non ser que queiramos seguir no paro), con algúns profesores (a non ser que queiramos xogar coa nota), con xente que che fai comentarios despectivos sobre os teus usos lingüísticos («¿tú qué eres, del Bloque, de la aldea, escritor o profesor?»). Por culpa destes

prexuízos, gravados a ferro e lume nos cerebros de moitos galegos, vivir en galego nunha cidade é case unha heroicidade, cando tiña que ser unha cousa do máis normal.

En segundo lugar: cómpre distinguirmos entre sociedades e individuos bilingües. Unha persoa é bilingüe cando ten a capacidade de usar dúas linguas cun nivel de competencia semellante (bilingüismo individual). Algúns sociolingüistas empregan tamén este termo para se referiren ás sociedades en que se falan dúas linguas (bilingüismo social); a maioría, para evitar equívocos, preferimos describir esta situación como unha sociedade con dúas linguas en contacto. Nunha sociedade bilingüe pode ser que só unha minoría de individuos teña competencia nas dúas linguas.

Do mesmo xeito, ao falarmos de sociedades bilingües, facémolo para definir situacións de desequilibrio lingüístico, en que as linguas cumpren diferentes papeis segundo o prestixio que se lles outorgue, o número de falantes etc. Non hai dúas situacións de bilingüismo social idénticas, pero o común de toda situación bilingüe é a desigualdade entre as linguas implicadas.

É máis, unha mesma lingua nunha sociedade pode xogar un papel e noutra, outro moi distinto. Pensemos no español no territorio do Estado (dominante, maioritario e prestixiado) e en Porto Rico (dominado, minoritario e desprestixiado). Mentres unha lingua domine a outra, como ocorre en Galicia co castelán, assistiremos a unha situación de asimilación, en que a lingua dominada, pouco presente en ámbitos de prestixio, corre perigo de desaparición por asimilación e, con ela, corre perigo o bilingüismo.

Verbo da competencia bilingüe dos galegos, quen acada hoxe en día con máis facilidade o bilingüismo galego-castelán? Só os galego-falantes, xa que o castelán (que é obrigatorio, segundo a Constitución) o pode aprender calquera en ámbitos e medios moi diversos: escola, televisión, xornais, cómics, cinema, radio, música, igrexa, administración, empresa, sanidade, grandes superficies comerciais etc.

En troques, os castelanfalantes urbanos novos, agás parcialmente nos centros de ensino, en que outros lugares teñen oportunidade de se facer competentes en galego? En moi poucos, así que dificilmente poderán ser bilingües; o máis previsible é que acaden un bo dominio dunha lingua (castelán) e un dominio insuficiente ou simplemente dominio pasivo da outra (galego).



En suma: nas condicións actuais, as persoas que realmente se fan bilingües son as galegofalantes, algo que non ocorre coas castelanfalantes. De feito, na xeración dos menores de 30 anos, na Galicia urbana, hai xa unha porcentaxe elevada de monolingües en castelán que teñen graves dificultades para se expresar nun galego oral minimamente aceptable. A sociedade non pode consentir estas desigualdades, que coutan de xeito dramático a utilización normal do galego por parte das persoas que o teñen como lingua habitual.

Para podermos exercer libremente a opción de usar unha das dúas linguas deben darse dúas condicións: primeiro teremos que coñecer ben as dúas e, en segundo lugar, non debería haber presións exteriores para usar unha ou outra. E en Galicia hai abonda presión social para non usar o galego. Por iso, o problema é que non se pode usar con liberdade o galego. A xente sabe perfectamente que, aínda hoxe, usar o galego en determinados contextos pode ocasionar problemas, pero cada vez hai máis xente –sobre todo xente nova e formada– que non cede e reclama eses dereitos negados. U-la liberdade que preconizan algúns?

*7. Non me sinto menos galego por non falar galego. Falando castelán son tan galego como calquera que fale galego.*

Un galego non deixa de ser galego por falar inglés ou francés ou moitas máis linguas. Non, é un galego políglota. Pero un galego que fálase en Galicia todo o día e con todo o mundo en francés sería estraño. Se un grupo de galegos fálase todo o día entre eles e con todo o mundo en francés en Galicia serán un grupo de snobs ou friquis ou modernos ou curiosos ou o que sexa, pero non deixarían de ser galegos.

Agora ben, se un galego non fala galego (polo motivo que sexa: inercia noutra lingua, preguiza, prexuizos etc.), pero tampouco respecta a quen o fala, nin defende o uso público do galego, nin defende o xusto equilibrio e normalización de usos entre as linguas oficiais, nin quere que os seus fillos falen ben tamén o galego, menospreza a quen usa o galego e non toma partido pola lingua do país desfavorecida e asoballada (xustiza, sanidade etc.) segue sendo un galego, pero un galego renegado que padece a síndrome de Michael Jackson, o negro que non quería ser negro, que renegaba dos seus, que quería ser branco e derivou nun triste androide.

*8. A identidade da nosa sociedade non se basea nos conceptos de terra e lingua.*

A identidade da nosa sociedade non se basea tanto en conceptos mutables e exclusivos como gastronomía, economía, arquitectura, arte, paisaxe, ecosistemas etc., senón en conceptos con fondas raíces históricas e ben asentados en toda a nosa sociedade: unha historia común e diferenciada de máis de 2000 anos; unha rica e milenaria cultura común e unha lingua diferenciada e común a toda Galicia e ás comarcas estremeiras de fala galega, que é o vértice visual e audible desa cultura e a expresión lingüística desa historia; como calquera outro pobo respectado e diferenciado do mundo.

En palabras de Xesús Palmou, ex-secretario xeral do PPdeG: «O galego é o principal elemento definidor da nosa identidade. Non se pode querer a Galicia e non ao seu idioma. É incompatible (...) A Constitución impón o deber de coñecer o castelán pero non os idiomas autóctonos. Polo tanto hai unha discriminación cara ao galego que debe solucionarse dende o Estatuto, establecendo a igualdade das dúas linguas no seu ámbito territorial, co deber de que os galegos coñezan o galego. Iso está claro.»<sup>4</sup>

Quen non desexa ter ningún contacto co galego, en realidade o que procura é a lenta agonía da identidade propia de Galicia, a disolución do noso ser nun conxunto artificial e amorfo onde quedaríamos reducidos «al húmedo rincón verde y a la marisquería de España».

*9. A cohesión social baséase en que cada cidadán poida elixir a lingua que máis lle guste ou conveña.*

A mentira desta afirmación é evidente. A cohesión social baséase no respecto ás normas e leis de que nos dotemos para a convivencia, normas de obrigado cumprimento para todos os cidadáns. O contrario é a lei da selva e o liberalismo depredador. As leis modifícanse ou derróganse por decisión e acordo dos representantes do pobo (Parlamento), non por capricho de grupos elitistas, *lobbys* ou medios de comunicación privados.

<sup>4</sup> [www.xornal.com/articulo.php?sid=200902120035070020&imp=1h](http://www.xornal.com/articulo.php?sid=200902120035070020&imp=1h)

A opcionalidade e liberdade lingüística en Galicia está garantida hoxe só para os castelanfalantes (sanidade, xustiza, notariado, banca, administración, universidade, medios de comunicación etc.). Se usas o castelán non estás marcado, podes facer unha vida «normal», aproximadamente como se vivises en Navalcarnero ou en Cuenca. Se usas o galego estás marcado por unha chea de prexuízos aínda existentes: ou esquerdistas ou cultueta ou rural ou pailán ou inculto etc. Aínda é moi difícil usar libremente o galego ou acceder libremente a el en diversos eidos sociais: xustiza, administracións autonómicas e estatal, medios de comunicación, mundo laboral etc.

Mentres todos os cidadáns non sexan libres para usar a lingua da súa preferencia en igualdade de condicións (é dicir, con coñecemento semellante das dúas linguas e sen prexuízos sobre o uso dunha ou outra segundo os contextos ou os interlocutores), non haberá cohesión social posible.

*10. A imposición do galego quen máis a está a sufrir son os nenos e os inmigrantes.*

Os nenos e os inmigrantes non teñen problema ningún co galego. Os nenos absorben calquera idioma con naturalidade, xogando, vivindo nel. Os inmigrantes aprenden calquera idioma que lles abra o mercado laboral e a inserción social. Para un inmigrante romanés, senegalés ou chinés o galego e o castelán son tan parecidos que non lles ofrecen ningunha dificultade, aprenden os dous asemade e sen problemas maiores. Exemplos disto hainos abondos nas nosas cidades. Moitísimos inmigrantes e estudantes doutras partes de Europa aprenden a falar galego con fluidez en menos dun mes. Estarán peor dotados xeneticamente os españois? Non, non é cuestión de xenética ou de aptitude, senón de actitude; é unha cuestión de non menosprezar ningunha lingua nin cultura, e menos a do lugar que che dá de comer ou onde vives.

Os que máis «sofren» a igualación, equilibrio ou equiparación oficial (non imposición) de galego e castelán son as persoas que desexarían a desaparición social do galego, logo dunha etapa de folclorización asimilatoria e confinamento en ámbitos sociais prescindibles, secunda-

rios e subalternos. Esa xente «sofre» cada vez que percibe o galego en igualdade co castelán («a mi que no se me oblige a usar el gallego»).

Lémbrese que a lingua que si se impuxo durante séculos (pola forza e polas leis) foi a castelá, e segue a «impoñerse» (*de iure* e *de facto*) aínda hoxe en moitos eidos. Acusar as medidas que intentan equiparar galego e castelán como impositivas ou discriminatorias é unha estratexia moi frecuente nos discursos ideolóxicos que pretenden manter unha situación de desigualdade social. Esta estratexia é coñecida como «inversión discriminado-discriminador» e consiste en presentar os historicamente discriminados como os novos discriminadores, cando o único que se intenta é eliminar a situación de desequilibrio tradicional. Podemos velo claramente no debate sobre a desigualdade de xénero, onde o discurso machista reaccionario presenta os homes como pobres vítimas, por exemplo, da incorporación da muller ao mercado laboral.

*11. O paradoxal é que, nun hipotético estado independente galego, coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias na man, teríase que garantir o ensino en español para os falantes desta lingua.*

Nun hipotético estado galego debería garantir o ensino do español e do inglés para todo o mundo, pois son linguas moi útiles internacionalmente. Ningún galego sensato deixaría de aprender o español porque lle sería moi fácil, non é tan diferente do galego, e porque sería a lingua dos veciños e dos amigos, dunha literatura excelente, a expresión dun mundo cultural e empresarial sempre moi apetecible e necesaria.

O que produce estupor científico e social (á parte de vergoña) é que se alegue o articulado da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias para «la defensa del español en Galicia». Que se saiba, esta Carta foi concibida para salvagardar as linguas rexionais e minoritarias europeas, e o español, que se saiba, non leva camiño de se converter en rexional nin minoritario no territorio do Estado.

Ás veces, semella necesario recordar cal é a lingua débil e dominada na súa propia casa, a que por tanto cómpre protexer, e cal é a

dominadora e omnipresente en todos os ámbitos de prestixio e que non corre ningún perigo nin está en absoluto ameazada.

*12. Nos centros educativos galegos anímase o alumnado a traducir ao galego os seus nomes e apelidos.*

Isto ocorreu nun único centro educativo superior: na Universidade de Vigo. Mediante a campaña de onomástica «Chámate con xeito», animouse a alumnado, profesorado e PAS a que reflexionasen sobre os seus nomes e apelidos, proporcionándolles información lingüística e lexislativa para que, se así o desexaren, puidesen regaleguizar ou restaurar (non traducir) a forma correcta dos seus nomes e apelidos galegos alterados historicamente pola presión do castelán, única lingua oficial imposta ata hai pouco nos rexistros civís e eclesiásticos.

Non foi unha campaña de tradución de apelidos foráneos, senón de restauración das formas auténticas dos apelidos galegos que teñen a maioría dos galegos (Feixoo, Seixas, Freixedo, Fentáns etc., en lugar das formas deturpadas Feijoo, Seijas, Freijedo, Fentanes, que en correcto castelán serían Habichuelo, Guijarrales, Fresnal, Helechales etc.). Foi unha campaña dirixida a maiores de idade, universitarios, administrativos e profesores, non a indefensos menores de idade, que tivo un grande éxito, porque nos primeiros dez meses a web da campaña rexistrou 300.000 consultas, o que dá unha idea do interese que suscitou o tema.

## C. MENTIRAS SOBRE ENSINO E DEREITOS

*1. Temos dereito a escolarizar enteiramente os nosos fillos na lingua da nosa preferencia, castelán ou galego.*

Tal dereito non existe, nin no Estado español nin na práctica totalidade dos estados do mundo. Hai numerosas sentenzas (STXSXG, STC, STS, STSJC etc.) que negan tal dereito, que suporía na práctica a segregación do alumnado por lingua. De feito, na Lei de normalización lingüística, aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia en 1983, recóllese explicitamente que: «Os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razón de lingua. Tamén se evitará, a non ser que con carácter excepcional as necesidades pedagóxicas así o aconsellaren, a separación en aulas diferentes» (art 13.3).

Nos dereitos fundamentais que recolle a Constitución Española está o dereito á educación, pero por ningures figura o «dereito á educación na lingua de elección dos pais», como así o teñen manifestado numerosas sentenzas dos máis altos tribunais de España.

Moitas sentenzas destes altos tribunais (STC 10/1981, STC 27/1981, STC 87/1987, STC 337/1994 etc.) defenden que os poderes públicos teñen o deber de garantir que os seus cidadáns poidan escoller o idioma en que queiran falar cando acaben a educación obrigatoria, cousa que só se poderá facer se os cidadáns teñen competencia lingüística en ambos os dous.

Diversas sentenzas legais deixan ben claro que non existe ningún dereito constitucional que lles confira aos pais a facultade de escolleren a lingua en que queren que os seus fillos estuden (STC 337/1994). Nesas sentenzas evidénciase que non existe o dereito a que os pais ou as nais poidan negarse a que o seu fillo non adquira competencia lingüística nunha das dúas linguas oficiais dun territorio, non teñen dereito a facer dos fillos uns incompetentes lingüísticos (SSTC 337/1994, 134/1997 e outras).

Sen escolarización en galego non hai a posibilidade de adquirir a competencia lingüística. O mandato constitucional –expresado en numerosas sentenzas– recomenda que o galego se utilice no ensino coa intensidade necesaria para permitir esa dobre competencia lingüística da cidadanía (STC 87/1983 e 88/1983). Isto avala e lexítima

constitucionalmente tanto as medidas de discriminación positiva do galego (STC 127/1987 e 337/1994) coma o sistema de inmersión lingüística que opera con éxito noutras comunidades (STC 337/1994), pois atende a fins constitucionalmente lexítimos e proporcionados en canto aos medios que pon para acadalos. Unha recente sentenza do Tribunal Supremo, do 21 de outubro de 2009, sobre unha demanda dun pai de Vigo que quería para o seu fillo escolarización integramente en español insiste nos mesmos argumentos: non existe o dereito de escolleren os pais a lingua de escolarización dos fillos, ou o que é o mesmo, non existe o dereito dos pais a faceren dos fillos uns incompetentes lingüísticos.

Se uns pais murcianos tivesen dereito a elixir educar enteiramente os fillos en Galicia en castelán, por lóxica reciprocidade uns pais galegos deberían igualmente ter o dereito de educar en Murcia os fillos en galego. Non era que os dereitos non son das linguas nin dos territorios senón das persoas? Ten máis dereitos constitucionais un señor de Cartaxena que un de Narón ou de Ribadeo?

En todo caso, estaríamos felices se nunha vindeira revisión da CE se recollese o dereito a elixir a lingua no ensino para todos os cidadáns españois, non só para os galegos, independentemente da lingua falada ou do territorio de residencia, pois no Estado español, fóra de Galicia, hai 400.000 galegofalantes e a moitos deles, sen dúbida, gustaríalles que os seus fillos aprendesen e estudasen en galego.

As asociacións autodenominadas «bilingües» serían cribles se reivindicasen este suposto dereito para toda España, se se pasasen a chamar, por exemplo, España Tetralingüe e reivindicasen o dereito a vivir en éuscaro, catalán, galego ou castelán en calquera punto da xeografía española, sen a imposición legal do castelán nin de ningunha outra lingua.

*2. Defendemos o dereito a elixir calquera das dúas linguas para educar os nosos fillos. Nosoutros sabemos mellor que ninguén o que lles convén aos nosos fillos.*

Os datos da realidade deixan en evidencia esta afirmación. A Comisión de Expertos do Consello de Europa que visitou España entre o 14 e o 17 de setembro de 2007 dixo que Catalunya, Euskadi e Gali-

cia deben aplicar a «inmersión total» no ensino e superar así o modelo bilingüe que impera nestas tres comunidades. Advertiron, ademais, de que a poboación castelanfalante parece ser non suficientemente consciente da realidade lingüística do país («Europa aboga por la inmersión lingüística en las escuelas». *El País*, 12/12/2008).

O PP pediu que a Unión Europea recomendase que os pais puidesen elixir a lingua de ensino dos fillos. O Parlamento Europeo respondeulle en sentido contrario e díxolle que é esencial salvar a diversidade multilingüística nos países e rexións en que coexistan dúas ou máis linguas oficiais («Fracasa la campaña para que la UE defienda la educación en castellano». *El País*, 25/03/2009).

No ámbito da educación, son os gobernos democráticos os que deciden a estrutura do sistema educativo, os obxectivos, os currículos, a temporalidade, a lingua ou linguas de docencia etc. Os pais saben mellor que ninguén como son os seus fillos, pero igual non saben moi ben os coñecementos que deberían adquirir, nin a metodoloxía, nin a periodización das aprendizaxes, en función da sociedade onde lles vai tocar vivir. Se non prevalecese o dereito dos estudantes e si o de pais e nais, posiblemente, as mulleres nunca terían chegado a realizar estudos universitarios. Hai algúns anos os pais e nais sabían perfectamente que o que máis lles conviña ás fillas era quedaren na casa e preparárense para ser amantes, esposas e nais, perfectas amas de casa. Afortunadamente a sociedade evolucionou, aínda que non todo o que debería.

A escola, a administración escolar no seu conxunto, debe transmitir coñecementos e actitudes en igualdade, non facendo ningún tipo de segregación por lingua, sexo, relixión, raza ou outros motivos. A educación escolar é a mesma para todos, o mesmo modelo. A educación familiar é distinta para todos porque hai tantos modelos como familias.

En todo caso, sería máis defendible antes o dereito a escoller libremente a escola, o profesorado (por currículo, afinidade, linguas que fala, experiencia), os libros de texto (por editorial, por contidos diversos), o tamaño da aula e o mobiliario etc. Os pais e nais temos dereito á educación, non dereito a «decidir» ou «influír» na marcha da escola (como facían algúns pais antigamente en colexios de elite).

*3. Moitos nenos e nenas non poden recibir clase en galego porque proceden de familias castelanfalantes.*

Das falacias específicas do ámbito do ensino, esta é unha das máis divulgadas na actualidade. Pero tamén é unha das máis falsas; o razoamento que a sostén vén sendo como se dixésemos: «estes nenos non saben matemáticas, as súas familias tampouco, polo tanto non podemos aprenderlles matemáticas». Ocorre que o que se percibe como unha dificultade non é máis que un dato da nosa realidade (hai nenos e nenas que proceden de familias en que o castelán é a lingua familiar) que é necesario termos en conta á hora de tratar a práctica educativa.

Por iso non pode ser considerado como un problema, senón como un feito esencial na planificación necesaria para conseguir dotar ese alumnado dunha competencia lingüística adecuada. No noso ordenamento legal, sabemos que o obxectivo que se debe conseguir é unha boa competencia nas dúas linguas oficiais. Unha planificación que pasa, inevitablemente, polo uso do galego como lingua vehicular.

Cando isto se traslada á práctica, créase un ambiente que non obriga o alumnado galegofalante a agochar ou abandonar a súa lingua, senón que lle permite continuar instalado nela, ao comprobar que poden utilizala sen complexos en calquera situación. E os alumnos e alumnas castelanfalantes, nun ambiente así, ademais de comprobar na práctica que a lingua galega se pode usar para todo, igual que calquera outra, senten o estímulo de aprendela, xa que comprobaban que é útil, que é funcional para a comunicación. Ademais, ese mesmo ambiente provoca neles o interese por se comunicaren (oralmente e por escrito) en galego e contribúe así ao crecemento da súa competencia nela, paralelamente ao desenvolvemento da súa competencia na lingua familiar.

Un ambiente favorable ao emprego do galego non se produce espontaneamente, cando menos nas actuais circunstancias. Do mesmo xeito que unha planta ou un animal precisa dunhas condicións ambientais determinadas para se desenvolver, tamén así unha lingua que se encontre nunha situación minorizada, como lle ocorre ao galego. Por iso hai que adoptar as medidas precisas para potenciar a creación dese «alcouve ecolóxico» favorable á lingua galega. Medidas

moi diversas, dado que se refiren a ámbitos e actuacións moi distintos. Mais en todas elas atopamos dúas constantes: o exemplo práctico de que o galego se pode usar para calquera función e mais a vontade de crear actitudes positivas cara ao uso da lingua.

*4. A maioría dos libros de texto están só en galego.*

Esta mentira non se sostén, non hai máis que consultar as vendas das editoriais. En zonas urbanas, no curso 2007/2008, vendéronse tres veces máis exemplares en castelán que en galego dun mesmo libro de texto da mesma editora. É máis, hai algúns centros escolares urbanos que fan mercar libros en castelán para materias que se teñen que impartir en galego e non son poucos os centros urbanos onde o único libro escolar en galego é o de Lingua.

Mais, á vista do que ocorreu nestes últimos anos, a fin de contas non importa tanto a lingua do libro de texto, porque hai abondos exemplos de clases en que o libro está en galego e o profesor só usa o castelán. Ata agora, en moitos centros concertados e tamén nalgúns públicos, Coñecemento do medio impartíase así: o texto en galego e a clase en castelán, suponse que para fomentar o bilingüismo. O paradoxal é que reciprocamente non se daba ningunha clase en galego cando o libro de texto estaba en castelán, neste caso non se fomentaba o bilingüismo.

Con libro en galego pode haber (e hai) clases en castelán. Con libro en castelán só hai clases en castelán. E o libro en galego véndese tres veces menos en zonas urbanas (por decisión da dirección dos centros, en ocasións en contra dos consellos escolares).

*5. Pódense usar libros de texto en español nas materias que se teñan que impartir en galego. Queremos que tamén os subvencione a administración.*

Por suposto, e tamén podemos usar libros en inglés, bantú, catalán ou tibetano. Todos os materiais son útiles se valen para lles aprendermos cousas aos nosos fillos, pero non por iso van ter que ser todos subvencionados ou financiados pola administración; os caprichos particulares non se deben financiar cos cartos de todos.

Se unha administración pon bos autobuses gratuítos para ir á escola, non esperemos que por riba lles pague o taxi aos distinguidos que queiran ir nese medio de transporte ou o combustible aos segregacionistas que queiran ir en coche particular.

6. *A maioría das clases impartidas en Galicia son en galego, cando só o 21,5 % dos escolares teñen por lingua habitual o galego.*

Velaquí un novo intento de falsear a realidade. A maioría das clases impartidas en Galicia, sobre todo en zonas urbanas ou periburbanas, foron e son aínda en castelán. Na educación infantil as clases impartidas en galego non chegan nin ao 10 %. A lectoescritura en galego apenas alcanza un 15 % da poboación escolar, é dicir, faise nun 85 % en castelán, e iso que só o 25 % dos escolares teñen por única lingua familiar o castelán.

As estatísticas de diversos organismos públicos son evidentes: o 21 % dos escolares teñen por lingua familiar habitual (lingua máis usada na casa) o galego; o 25 % dos escolares teñen por lingua familiar habitual o castelán; e o 54 % dos escolares teñen por linguas familiares habituais galego e castelán, as dúas. Non é imposición que o 85 % das clases se impartan en castelán cando só o 25 % do alumnado ten o castelán como única lingua familiar? Cal é logo a lingua verdadeiramente imposta?

Segundo o *Mapa sociolingüístico de Galicia* (2004), «o castelán é a lingua en que os enquisados recibiron maioritariamente as clases, tanto en educación primaria como en secundaria». As opcións «practicamente galego» e «máis galego» en primaria non acadan nin o 10 %, e en secundaria suman un escaso 13,2 %. En cambio, as opcións «practicamente castelán» e «todo castelán» suman o 68,9 % e 55,8 % respectivamente. Se a isto lle engadimos a opción «máis castelán», alcanzamos cifras de 90,9 % e 86,8 %.

Eses datos falseados só os poden crer os lectores dalgún tipo de prensa de fóra. Os cidadáns residentes en Galicia sabemos que son falsos. Pero algúns non se fartan de repetilos.

Velaquí os datos ofrecidos en «Lingua habitual das familias e do alumnado» no volume segundo do Informe do Consello da Cultura Galega de 2002:

	Familias	Alumnado
Só castelán	13 %	27,6 %
Máis castelán	37 %	37,7 %
Máis galego	35 %	20,6 %
Só galego	15 %	14,1 %

Velaquí o cadro «Porcentaxe de docencia en galego en 2º de ESO segundo titularidade do centro», do estudo dirixido por Bieito Silva *Situación do ensino da lingua e da literatura galega na ESO*, publicado polo Consello da Cultura Galega en 2008:

	CS	CN	MT	TC	MUS	REL	TC	OPT
PÚBLICO	87,8	82,3	34,2	47,6	55	51,5	47,6	43,5
PRIVADO	81,7	60,4	23,3	27,5	41,3	21,5	27,5	17,8

CS: Ciencias sociais, CN: Ciencias naturais, MT: Matemáticas, MUS: Música; REL: Relixión; TC: Tecnoloxía; OPT: Optativas

7. *O castelán está desaparecido de moitas escolas e institutos de Galicia.*

Esta enorme mentira parece pensada para apareceren os negacionistas do galego como vítimas en Madrid. Esta mentira é a ideal para ocupar espazos en radios, televisións e prensa que teiman en manipular día tras día a realidade lingüística de Galicia.

Nunca se dá un só dato, un só nome de escola ou instituto deses «moitos» onde o castelán estea desaparecido ou case desaparecido. Por que non sei fai unha relación deles? Simplemente porque é mentira. Pola contra, si que se poden ofrecer listaxes extensas con nomes concretos de escolas, colexios e institutos onde o galego só se imparte na materia de Lingua e literatura galegas e onde nunca se cumpríu a máis mínima lexislación sobre o galego no ensino.

En Vigo, segundo datos da Universidade de Vigo, no curso 2008/2009 só o 25 % dos centros escolares cumprían o Decreto 124/2007 (o do 50 % das materias en galego). O 75 % dos centros escolares de Vigo incumprían totalmente o Decreto de igualdade

entre galego e castelán, pois as clases seguían a ser maioritaria ou case totalmente en castelán.

*8. España é o único país do mundo onde non é posible estudar na lingua común do Estado.*

Descoñecemos se noutras partes de España é posible ou non estudar todo en español, en catalán ou en inglés (non nos podemos fiar en absoluto do que conta algunha prensa, á vista das falsidades que adoita pór en circulación sobre o que acontece na nosa terra). En Galicia, por incumprimento reiterado dos decretos de introdución do galego no ensino, desde logo si que é posible: hai bastantes centros escolares urbanos onde o galego foi ou é só unha materia do currículo e ten un tratamento de lingua estranxeira como o inglés. Outra cousa é que se pretenda que en calquera parte de Galicia se poida estudar todo en español, cando en ningunha parte de Galicia é posible aínda estudar todo en galego, a lingua propia e natural do país. Se o que se pretende de verdade é a adquisición dunha competencia bilingüe, as linguas deben estar como mínimo repartidas ao 50 %.

En todos os centros de ensino de Castela ou Madrid ou Andalucía ou Canarias é posible estudar todo en castelán. Porén, nas cidades e vilas de Galicia aínda non é posible estudar sequera a metade na lingua común e propia dos galegos: o galego. No curso 2007/2008 puxéronse en práctica de modo experimental «liñas de inmersión lingüística en galego» en diversos centros piloto. En Vigo, por exemplo, houbo 480 peticións para 50 prazas de inmersión en dous centros. Noutras cidades e vilas galegas a demanda foi enorme, como a satisfacción de pais, nais, profesorado e alumnado polos resultados en só un par de anos: todos os nenos destes programas falaban con soltura e sen prexuízos galego e castelán. O novo goberno galego eliminou estas liñas de inmersión, e iso que tamén foran solicitadas e gabadas polo Consello de Europa.

En realidade, para acadar un bilingüismo real na práctica, cómpre que a lingua máis débil socialmente teña unha maior presenza no ensino, porque a outra xa a reforza o alumnado a través de múltiples ámbitos. E para adquirir a variedade estándar (á que tamén se acce-

de a través dos xornais, libros ou televisión), abonda con que se ensine esa lingua, a dominante e prestixiada, como materia, e que se utilice como lingua vehicular nalgunha outra. Isto ocorre así en todas as partes do mundo cunha situación semellante á nosa.

Que non se poida estudar na «lingua común do Estado» tamén depende do que se entenda como «lingua común do Estado». En España hai unha única «lingua oficial do Estado» que é a lingua nacida en Castela, o castelán, pero en ningún texto legal se di que sexa común. Ou acaso o inglés é «a lingua común do mundo»?

A Constitución Española recoñece que, ademais do castelán, as outras linguas españolas poden ser oficiais en cadanseus estatutos de autonomía. A cooficialidade implica funcionamento nas dúas linguas, na propia e na oficial do Estado.

Chama a atención a fixación da mentira co ensino, único eido onde o galego conseguiu no plano lexislativo (non na práctica) un equilibrio co castelán, que contrasta co clamoroso silencio cómplice coa situación da sanidade, da xustiza, dos medios de comunicación, da Administración do Estado, da Igrexa (só dúas misas en galego de máis de 600 misas semanais no concello de Vigo) etc. Só se apela ao bilingüismo para evitar o galego, non se apela ao bilingüismo para que todos os cidadáns poidan vivir tranquilamente na lingua da súa preferencia.

*9. Propoñemos un modelo lingüístico escolar como Gales ou Finlandia, onde calquera pode escoller a lingua escolar dos fillos.*

En Finlandia hai polo menos cinco modelos lingüísticos escolares. Este país posúe dúas linguas oficiais en todo o estado (sueco e finés), unha lingua cooficial territorial (saami) en Laponia e un territorio autónomo cunha única lingua oficial (sueco), as Illas Åland, en que cada concello pode elixir declararse monolingüe sueco, monolingüe finés ou bilingüe. En función desta declaración así serán os modelos escolares:

1. Todo en sueco coa materia de finés.
2. Todo en finés coa materia de sueco.
3. Todo en sueco (Illas Åland)
4. Bilingüe ao 50 % finés-sueco.

### 5. Trilingüe saami-finés-sueco (Laponia) en diversas proporcións.

Que pasa se un suecofalante vai vivir á zona 5? Que os seus fillos terán tamén clases en saami e en finés (aproximadamente 40 % saami, 40 % finés e 20 % sueco, pero poden variar estas porcentaxes segundo os centros). E que pasa se un finés de Helsinki vai vivir ás Illas Åaland? Que os seus fillos terán todo o ensino en sueco, todo. E se ese finés vai vivir a un concello de maioría sueca a 50 km de Helsinki? Que os seus fillos terán todo o ensino en sueco coa materia de finés. Onde pode escoller?

Os pais poden escoller a lingua para os seus fillos? En teoría poderían, pero na práctica depende de onde vivan e de se as escolas desdobran grupos por linguas, cousa que é imposible facer con números reducidos. Queren este modelo as asociacións malchamadas «bilingües» para o Estado español? Queren que galego e castelán (e catalán e éuscaro) sexan oficiais para toda España como son sueco e finés en Finlandia? Con cal modelo finés dos anteriores se identifican? Co das Illas Åaland? Co da Laponia? Co dos concellos bilingües onde a teórica liberdade de elección de lingua escolar depende de moitas circunstancias alleas aos pais?

Vexamos agora o modelo galés. En Gales son cooficiais o galés e o inglés. En teoría os pais poden escoller a lingua de instrución dos seus fillos, pero na práctica este modelo só beneficia o inglés porque, ao non ser posible desdobrar grupos, imponse a lingua maioritaria do alumnado nas cidades. Poñamos tres exemplos:

1. Clase X. Escola X: 5 nenos escollen galés e 14 inglés. Inglés para todos. Onde está a elección? O dereito de elección está en que os pais dos nenos que queren clase en galés terán que andar peregrinando á procura doutra escola máis lonxe da casa onde lles garantan ensino en galés.
2. Clase Z. Escola Z: 11 nenos escollen galés e 7 inglés. Galés para todos? Non, hai unha boa parte do curso en galés e outra parte en inglés.
3. Clase T. Escola T: 10 nenos escollen galés e 10 inglés. Case todo en inglés con algunhas clases en galés. Razón: os nenos galeses entenden o inglés pero non ao revés. A única lingua que todos entenden é o inglés. Onde está a liberdade de elección? Cales nenos serán realmente bilingües?

Só habería clases en galés (poñamos galego) se existise un grupo ben maioritario de alumnos por aula. Se non, os pais que quixesen galés deberían andar a peregrinar de escola en escola na procura dun gueto para os seus fillos. Isto sería o que pasaría nas cidades galegas. Deste xeito só caberían dúas opcións: asimilación (por submersión) do pouco alumnado galegofalante ou desprazamento deste a escolas non urbanas. Un novo apartheid: galego nas escolas rurais e castelán nas escolas urbanas.

A UNESCO recomenda a escolarización na lingua materna do alumnado ou nalgunha outra comprensible. Entre galés e inglés hai moita diferenza estrutural, como entre finés e sueco. Entre catalán e castelán non, son linguas da mesma familia, por iso a comprensión é case inmediata e a escolarización en catalán é doadamente asumida polo alumnado sen problema ningún, mesmo entre moita poboación inmigrante. Son tan diferentes galego e castelán? Non, por iso a inmersión en galego non suporía problema ningún para ninguén.

Vexamos os datos do *Mapa sociolingüístico de Galicia (2002)* sobre se o galego debe ser a lingua habitual da escola:

Acordo (total/bastante)	Indiferenza	Desacordo (total/bastante)
54 %	17 %	29 %

O 54 % dos galegos pensan que o galego debe ser a lingua habitual da escola, e só un 29 % dos galegos pensan o contrario. Esta é unha estatística fiable e rigorosa.

*10. Ata 2005 houbo en Galicia un razoable equilibrio lingüístico. Desde 2005 as posibilidades de escolarización en español son practicamente nulas porque en moitos centros o español desapareceu ou pasou a ocupar un papel residual.*

Velaquí outra mentira interesada, como ben sabe calquera persoa que coñeza a realidade dos centros de ensino galegos. Ata 2005 non houbo ningún equilibrio na escola, como non o hai hoxe. O galego impartíase obrigatoriamente en dúas materias (e mesmo iso se in-



cumpria en moitos centros) e optativamente noutras dúas. Na maioría dos centros privados e nun sector significativo dos públicos só se daban en galego unha ou dúas materias (das sete ou oito do currículo). É ese o «razoable equilibrio lingüístico» do que falan?

Ata 2005, esta era a situación «normal», con apenas dúas materias en galego (e en colexios moi sinalados unha ou ningunha), a escolarización en español era plena ou case plena. Velaí o equilibrio e a *pax* lingüística: a do silencio dos cemiterios para o galego. O goberno anterior decretou que fose dun mínimo do 50 % en galego (ou un máximo do 50 % en español) e houbo quen protestou cinicamente polas «nulas posibilidades de escolarización en español» (sic). Cómpre reiterar que no citado decreto se insistía no obxectivo principal: conseguir que o alumnado acadase unha boa competencia nas dúas linguas independentemente de cal fose a súa lingua familiar.

O Decreto 124/2007, consecuencia directa do Plan xeral de normalización lingüística aprobado por unanimidade polo Parlamento galego en 2004, cando presidía a Xunta D. Manuel Fraga Iribarne e era vicepresidente da Xunta D. Alberto Núñez Feijoo, foi tamén celebrado polas tres forzas políticas parlamentarias. D.<sup>a</sup> Manuela López Besteiro, voceira do PP, declaraba feliz na prensa que «este decreto garante o equilibrio entre galego e castelán e a competencia lingüística nas dúas linguas». Ao outro día destas declaracións, o PP rachou o consenso lingüístico que viña sendo norma desde os comezos do período autonómico e inesperadamente votou en contra do Decreto<sup>5</sup>.

### 11. O nivel de coñecemento do castelán entre os alumnos cataláns é pésimo porque todo o estudan en catalán.

Unha falsidade máis, ben doada de desmontar. A proximidade estrutural entre catalán e castelán, xunto coa inmersión de Cataluña no sistema comunicacional español (televisión, prensa, libros, revistas, radios, música, cinema, teatro etc.) fan que toda persoa, aínda que nunca estudase nada en español (que sería impensable, pois

<sup>5</sup> [www.lavozdegalecia.es/hemeroteca/2007/02/22/5572266.shtml](http://www.lavozdegalecia.es/hemeroteca/2007/02/22/5572266.shtml)

polo menos teñen a materia de lingua española) posúa un coñecemento pasivo e activo do español moi alto, como se demostra nas repetidas avaliacións de coñecementos que se fan no Estado, onde se constata que o nivel de competencia en lingua española dos escolares cataláns non só non é inferior, senón que é superior ao dos escolares de zonas de España onde só o español está presente na escola e na sociedade.

O informe PISA sinala tamén que as comunidades con dúas linguas cooficiais (Galicia, Catalunya, Euscadi, Baleares...) se sitúan por riba da media española en competencia en lingua castelá. Ademais, os escolares de zonas de dobre oficialidade teñen unha vantaxe engadida: dominan sen dificultade dous ou tres idiomas, por só un ou dous –por exemplo– de estremeños e asturianos. Están en contacto con dúas linguas xa na infancia, o que lles facilita doadamente o acceso a outras linguas.

Por exemplo, na *Avaliación da calidade e innovación dos centros educativos* publicada por Luís M. Sobrado Fernández en 2008, demostrase con datos como o alumnado galego ten un mellor dominio do inglés que a media do alumnado do resto do Estado.

	2º ESO
Alumnado galego	14,1
Alumnado do resto do Estado	12

(Nunha escala de 10,5 a 14,5)

E tamén ten mellor competencia en castelán que o resto do Estado:

	4º EP	6º EP	2º ESO	4º ESO
Alumnado galego	12,3	9,4	10,9	11,1
Alumnado doutras comunidades autónomas	11,9	8,9	9,2	10

(Nunha escala que vai de 0 a 14)

Por certo, un último detalle que ten o seu aquel: seis dos mellores estudantes de España no curso 2006/2007, premios nacionais de bacharelato, eran estudantes galegos de centros educativos públicos.

*12. O rendemento escolar dos fillos de inmigrantes en Cataluña é pésimo por culpa da imposición do catalán.*

Doe escoitar mentiras como esta, que lle afectan a un colectivo con tantos problemas como é a inmigración. O rendemento escolar dos fillos de inmigrantes adoita ser baixo en calquera punto do Estado español (en Catalunya, en Madrid ou en Andalucía) debido aos condicionamentos sociais e económicos en que se crían (carencias económicas e culturais, desestruturación familiar, desarraigamento, desidentificación, marxinalidade etc.). O mesmo lles ocorre aos fillos de familias con problemas económicos e baixo nivel cultural, por regra xeral, o rendemento escolar dos seus fillos é menor. E isto nada ten que ver coas linguas senón con outro tipo de factores: os socio-familiares, económicos e culturais.

Cando o emigrante adquire un nivel sociolaboral e socioeconómico medio, equiparable ao do español medio, os seus fillos non teñen ningún problema escolar en catalán, en castelán, en galego ou en calquera outra lingua. E non se pense unicamente nos inmigrantes de lingua castelá, que non son a maioría; en Galicia temos xa 50 linguas de inmigración. Saian os señores dos seus casinos e clubs sociais, restaurantes finos e ociosos paseos polos clubs de golf e achéguese a comprobalo en institutos públicos con alta presenza de inmigrantes. Dean unha volta por Burela, por exemplo.

O factor clave neste rendemento escolar baixo é o sociolaboral, non o lingüístico, en absoluto, nin aquí nin en ningún país europeo, e estudos hai abondos que o demostran.

*13. Coa imposición do galego négaselle ao neno castelanfalante o acceso ao rexistro culto do seu idioma (variedade estándar).*

O rexistro culto do castelán non entra maioritariamente pola escola (onde só é teórico) senón que na práctica entra pola inmersión no mundo comunicacional en español: ducias de cadeas de radios e televisións, ducias de xornais e revistas a diario nos quioscos, milleiros de libros e materiais de todo tipo nas librarías etc. O acceso ao rexistro culto do español está totalmente garantido, aínda que en Galicia o español estivese totalmente ausente do mundo escolar, que non o está. Esta desculpa non vale.

*14. Incentívase economicamente os colexios para empregaren o galego na totalidade das aulas.*

Non hai un só exemplo que xustifique esta mentira. Xa lles gustaría que isto fose así, pero non o é. Quen lanza este tipo de «mensaxe-trapallada» en medios de Madrid (os medios de Galicia, mesmo os máis antigalegos, cóidanse moito de repetir esta mentira, porque non sería crible). Contan en Madrid o que algunha xente en Madrid quere oír, non a realidade. En Galicia, todos os galegos e as galegas sensatos sabemos que esta afirmación non se pode demostrar con datos, cifras, nomes etc., porque é indemostrable, porque é mentira.

*15. Os libros de texto de Lingua galega conteñen ideoloxía e política lingüística.*

Segundo os que isto afirman, para explicar por que o galego se «deixou de usar» no ámbito oficial no século XV, despois de ser lingua de reis e poetas e única lingua falada e escrita en Galicia, debería recorrerse ao principio de casualidade ou de predestinación divina ou xenética: pasou porque Deus o quixo así ou como consecuencia da quinta definición da voz *gallego* da vixésimo segunda edición do *Diccionario de la lengua española* da RAE: [5. adj. C. Rica. tonto (falto de entendimiento o razón)]<sup>6</sup>.

Todos os libros de historia, todos os libros de literatura, todos os libros de filosofía e relixión, todos os libros de historia da lingua, todos os libros de sociolingüística e todas as novelas do mundo teñen ideoloxía. E os libros de lingua ata é posible e esperable que teñan contidos de sociolingüística ou socioloxía da linguaxe. Entre outras cousas, porque estes contidos figuran nos currículos oficiais das materias e hai a obriga de os traballar nas clases.

Se queren queimar nunha pira os libros de lingua galega, por «ideoloxizados», que aproveiten e fagan unha fogueira máis grande cos de lingua española, lingua portuguesa, lingua catalá, lingua éuscara, lingua francesa, lingua inglesa, lingua italiana etc., e cos de historia e xeografía e filosofía etc., e coas novelas e cos filmes etc.

<sup>6</sup> [http://buscon.rae.es/drae1/SrvltConsulta?TIPO\\_BUS=3&LEMA=Gallego](http://buscon.rae.es/drae1/SrvltConsulta?TIPO_BUS=3&LEMA=Gallego) [citado o 12 de novembro de 2009].

Para paradigma de ideoloxía nos manuais escolares nada máis próximo que o que repiten insistentemente os libros de lingua e literatura española acerca das orixes e glorias primeiras do español. Os libros e manuais de lingua española repiten que os primeiros textos españois (casteláns) son as *Glosas Emilianenses* (finais do século X ou comezos do XI) cando se trata de glosas da variedade romance navarro-aragonesa (*dulce jet* aparece para traducir o latín *suabe est* ou *tu eleisco jes* para o latín *tu ipse es*, cando esa forma ditongada *yes* é inequivocamente aragonesa) e do éuscaro (*guc ajutuesdugu* para traducir o latín *nos... precipitemur in geenna*). As *Glosas Emilianenses* son o primeiro documento escrito do navarro-aragonés e do éuscaro, nunca do castelán. Porén, en San Millán de la Cogolla en 1977 celebrouse con toda pompa e presenza real o milenario da lingua española sobre unha falsificación ideolóxica. Estes manuais seguen a repetir a mentira histórica inventada por Menéndez Pidal de que o *Poema de Mío Cid* é anterior (1140) ás primeiras mostras da literatura lírica galega (1198), cando é de 1207, posterior. Pidal retrotraeu a data deste poema para o instaurar como primeiro monumento lírico español e distinguiu así a Castela como cerna e orixe primeira e verdadeira de España. Aos estudosos da literatura galega non se lles ocorrería afirmar que as kharxas mozárabes (séculos X e XI) –tan próximas ás cantigas de amigo galegas na temática e en aspectos lingüísticos– son as primeiras manifestacións da nosa literatura, algo que si afirman os estudosos da literatura española (castelá) e así aparece recollido na maioría dos manuais. Todo isto é ou non é manipulación da verdade cunha finalidade claramente ideolóxica?

16. *A UNESCO proclama a escolarización e alfabetización dos nenos en cadansúas linguas maternas. Isto en Galicia prohibese.*

Mentira. Cando a UNESCO proclama a defensa da escolarización e alfabetización dos nenos en cadansúas linguas maternas faino pensando na protección das linguas máis débiles e ameazadas: as linguas indíxenas e as linguas minoritarias, non nas grandes ou pequenas linguas estatais.

De feito, na súa última declaración (2008), a UNESCO defende o multilingüismo co coñecemento da lingua materna, a lingua estatal e

unha lingua de relación internacional, entendidas para a maioría da humanidade como tres linguas distintas. Os ingleses teñen tres en un: o inglés é materno, estatal e internacional. Para os españois de fala castelá a materna e a estatal é a mesma. Para un portorriqueño de fala castelá, a materna e a estatal son diferentes. Para os españois de lingua galega ou éuscaro ou catalá a lingua materna é diferente da estatal e da internacional.

O concepto de lingua materna para a UNESCO é distinto do concepto que malinterpretan algunhas persoas. Agora si, por unha vez teñen moita razón, porque efectivamente en Galicia se prohibe na escola –de facto– a lingua materna: o galego.

En calquera caso, está demostrado por estudos empíricos e teóricos (Lambert, Cummins etc.) que a un neno de lingua familiar prestixiada non lle resulta nada prexudicial ser escolarizado nunha lingua distinta á súa materna; todo o contrario, isto fomentará a súa creatividade e flexibilidade mental, e mellorará as súas destrezas lingüísticas en xeral, tanto nunha lingua como na outra. É dicir, un neno castelanfalante escolarizado (case) integramente en galego mellorará de xeito evidente a súa competencia nas dúas linguas.

En troques, se un neno pertencente a unha familia en que se usa a lingua desprestixiada socialmente (galego) é escolarizado plena ou maioritariamente e desde o principio na lingua prestixiada (castelán), as consecuencias poden chegar a ser moi negativas, tanto no eido cognitivo (non aprender ben a nova lingua e non afianzar tampouco a súa propia) como afectivo (desenvolver sentimentos de rexeitamento e desprezo cara á súa lingua e á súa familia). Isto último é algo que doadamente se pode comprobar en Galicia.

Para evitarmos isto, os nenos de lingua familiar desprestixiada (galego) só poden ser escolarizados na lingua prestixiada unha vez que teñan a competencia na súa consolidada. No resto dos casos, o cambio de lingua fogar-escola non trae máis que vantaxes, como se demostra claramente desde hai décadas en países desenvolvidos como Canadá, Bélxica, Finlandia, Suíza etc.

Consecuencia directa das actuacións da UNESCO en materia lingüística é a Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos, da que lembramos só dous artigos:

Art. 26. Toda comunidade lingüística ten dereito a unha educación que lles permita a todos os seus membros adquirir o pleno dominio da súa propia lingua, coas diversas capacidades relativas a todos os ámbitos de uso habituais, así como o mellor dominio posible de calquera outra lingua que desexen coñecer.

Art. 29.1. Toda persoa ten dereito a recibir a educación na lingua propia do territorio onde reside.

### 17. *A imposición do galego créalles aos nenos problemas psicolóxicos.*

O que ocorre máis ben é que a igualación e equilibrio entre galego e castelán na escola en Galicia lles produce algún tipo de alerxia a algunhas persoas que verían con alivio a desaparición da lingua galega.

Trátase doutra mentira interesada. Se hai nenos con problemas psicolóxicos será para todo, non só para o galego, igual que se hai nenos con problemas auditivos será para todas as linguas, non só para o galego. Igual os pais deberían tratar o tema cun psicólogo ou pedagogo antes de lle botar a culpa deses problemas ao profesorado, ao sistema escolar galego ou á dificultade extrema do galego. As Matemáticas en galego só lles crean problemas a certos pais e nais, pero non por non saberen galego, senón por seren pouco expertos en Matemáticas. Así, a culpa dalgúns proxenitores por non entenderen os exercicios de Matemáticas dos fillos (para llelos explicar) apănaas «el gallego».

Como se explica no apartado anterior, en todo caso os problemas (de tipo emocional e identitario, sobre todo) serían para tantos galegofalantes nos últimos cincuenta anos que foron, e son aínda, mergullados nunha escola plena ou maioritariamente en castelán desde a infancia, provocándolles isto problemas de inseguridade e de autoestima e mesmo rexeitamento da súa lingua familiar e da súa identidade natural.

Neste sentido, recomendamos a lectura demorada das páxinas 51-56 do libro *A planificación lingüística nos centros educativos* (2007), da autoría de Agustín Fernández Paz, Anxo Lorenzo e Fernando Ramallo.

## D. FALACIAS NA ADMINISTRACIÓN

1. *Temos dereito a que toda a sinalética e a documentación oficial (toponimia, administración, escolas, hospitais etc.) estea nas dúas linguas.*

Unha persoa normal que acabe de chegar a Galicia e nunca tivese contacto co galego entende ben galego en menos dun mes e pode falalo perfectamente en menos dun ano, dada a proximidade estrutural entre galego e castelán. Exemplos hainos abondos.

Se un galego entende ben o castelán, mesmo sen oír ou estudar case nunca o castelán (caso de emigrantes retornados), ningún castelanfalante está xeneticamente incapacitado nin é tan incompetente como para non entender o galego, oral e escrito.

En Galicia di non entender galego o 1 % da poboación. Ese 1 % seica non entende sinais como «Urxencias», «Tocoloxía», «Escola», «Horario de atención ao público», «Consellaría de Traballo», «Praza do Rei», «Rúa das Margaridas», «Pavillón de Deportes» etc., porque o galego seica é complicadísimo para unha persoa foránea que resida en Galicia.

Por tanto, esta xente pretendidamente «bilingüe» reclama a rotulación bilingüe «Hospital/ Hospital», «Casa da Cultura/Casa de la Cultura», «Casco Vello/Casco Viejo», «Porto/Puerto», «Aeroporto/Aeropuerto» etc., pensando non xa neles, que eles mal que ben van entendendo o galego (porque se din bilingües), senón nos inmigrantes ou nos turistas que se van perder por non entenderen os letreiros.

Iso é pensar que os estranxeiros ou os turistas teñen tantos prexuízos coma eles ou son lingüisticamente autolimitados coma eles. E non é así, afortunadamente.

Reclaman tamén a toponimia bilingüe. Toda? Algunha? Cal si e cal non? En galego-castrapo ou en galego-castelán? A que había no franquismo? Arteixo/Arteijo, Melide/Mellid, Outeiro/Otero? Porque se se pon en castrapo e non na versión ou tradución en correcto castelán estaríamos privando a poboación do acceso ao rexistro culto do castelán etc. Cales son as formas en correcto castelán de Sanxenxo, O Carballiño, Perdecanaí ou Redondela? Ou non era isto o que se pedía, o acceso ao rexistro culto e correcto do castelán?

*2. O galego debería ser un mérito para o acceso á función pública galega, nunca unha obriga porque non é obrigatorio coñecerlo. Perdemos grandes profesionais por esta obriga. Eu quero un médico que me cure, non que me fale en galego.*

Se un funcionario, médico, mestre etc., non domina ben as dúas linguas oficiais non é competente para exercer en Galicia. A incompetencia lingüística dun funcionario nega e coarta os dereitos lingüísticos dos cidadáns. O Padre Sarmiento dicía a mediados do século XVIII que os funcionarios de xustiza tiñan que saber a lingua e os costumes de Galicia «y todos los que no saben ni la lengua gallega ni las costumbres respectivas, son ineptos para los dichos empleos». Non chega con entender, non. Quen sabe galego tamén sabe español, pero non ao revés; por iso os profesionais que saben galego son os máis aptos e válidos para traballar indistintamente nas dúas linguas oficiais de Galicia.

O Consello de Europa reclamoulles ás autoridades da Xunta que garantan o dereito dos cidadáns e cidadás a actuaren xudicialmente en galego, e que aseguren que o persoal xudicial dispoña das competencias lingüísticas suficientes para empregar a lingua propia de Galicia en xuízos e sentenzas, autos e outros documentos administrativos. Reclamóullelo porque detectou que non se cumpre<sup>7</sup>.

A falacia dos médicos é máis preocupante por afectar a un aspecto esencial como é a saúde. O principal que buscamos nun médico é que nos «dea co mal», pero entre médico e paciente débese establecer unha relación especial de proximidade, complicidade e intimidade. Esta relación de confianza médico-paciente non se pode establecer se o médico «marca distancia» co uso da lingua que o paciente cre superior, porque o obriga indefectiblemente a cambiar de lingua.

Nunha poboación avellentada e historicamente diglósica como a galega, é vergoñento comprobar como a lingua da maioría dos pacientes é o galego e a lingua profesional en que falan moitos médicos e enfermeiros con eles aínda é só o castelán. A lingua castelá nos médicos (e noutros colectivos profesionais de prestixio social) condiciona ou coacciona a lingua de resposta do paciente, igual que a lingua do xuíz, do profesor, do notario etc. De igual maneira que nin-

gún médico que non entenda e fale galego é competente para exercer en Galicia, un médico que non entenda e fale español tampouco non é competente para exercer en Madrid, Andalucía ou Cantabria.

O peor é que se están dando, en hospitais e ambulatorios galegos, casos de médicos que lles «solicitan» aos pacientes que lles falen en español. Xa que os pacientes poden escoller médico, deberíanse identificar oficialmente os médicos bilingües, os que poden atender en galego, para que os pacientes puidesen escollelos preferentemente. Mentres iso non suceda, estamos ante outra grave imposición.

Precisamente por iso, por saberen galego, moitos médicos galegos son contratados de preferencia en Portugal, «por levaren xa o idioma sabido», por diante doutros profesionais españois da medicina que non saben galego. Son médicos dobremente válidos. Pois en Galicia queremos médicos, enfermeiros, xuíces, notarios, policía, funcionarios máis válidos: que poidan falar e atender en galego e en español.

Ningún cidadán está obrigado a ser funcionario (médico, xuíz, mestre, administrativo etc.) en Galicia, como ninguén está obrigado a ser taxista ou futbolista. Pero se un traballa de taxista terá que ter o carné de conducir e coñecer a cidade onde traballa, e se é futbolista terá que vestir o uniforme do equipo e acatar as regras do xogo. Pois os funcionarios deben ser competentes para respectar as regras dos regulamentos: o dereito dos cidadáns a seren atendidos en calquera das dúas linguas oficiais e a obriga dos funcionarios a dominaren as dúas linguas por activa e por pasiva, porque cada posto de traballo require un perfil, uns coñecementos e uns requisitos diferentes.

<sup>7</sup> [www.lavozdeg Galicia.es/galicia/2008/12/12/0003\\_7389016.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/galicia/2008/12/12/0003_7389016.htm)

## D. FALACIAS NO MUNDO DO COMERCIO E A EMPRESA

*1. Os particulares e as empresas privadas teñen dereito a usar sempre a lingua da súa preferencia nas súas relacións cos clientes, outras empresas ou administracións.*

Por suposto que si. Os particulares teñen o dereito de usar a lingua que prefiran, e as empresas tamén. Ora ben, se as empresas reciben centos de miles de euros en concepto de axudas á normalización lingüística, os particulares teñen dereito a esixir que a esas empresas se lles note ese investimento en normalización, polo menos na atención ao público. En caso contrario, que renuncien a este tipo de subvencións. A Confederación de Empresarios de Pontevedra recibiu nos últimos seis anos case cinco millóns de euros en subvencións para normalización, e logo aínda cargan despois contra a «imposición» do galego. O coherente sería que devolvesen eses cartos.

E os traballadores desas empresas? Teñen tamén dereitos lingüísticos? Daquela, como se explican as denuncias de despedimentos laborais relacionados coa imposición aos traballadores do uso exclusivo do castelán?<sup>8</sup> Non sabemos aínda dun só caso de despedimento ou non contratación de alguén por non usar o galego.

*2. O consumidor non ten ningún dereito a elixir a lingua en que se lle ten que dirixir o comerciante. O comerciante usará a lingua que el queira.*

O cidadán galego debería ter todo o dereito a ser atendido en Galicia na lingua da súa preferencia, galego ou castelán. O comerciante poderá usar a lingua que queira, evidentemente, pero se é bo comerciante ou empresario buscará a lingua de agrado do comprador ou seareiro.

Pésimos empresarios son os que descoñecen os últimos estudos sociolóxicos sobre tendencias de mercado que indican que as empresas que fan publicidade e interactúan en galego teñen un plus de simpatía entre o público galego, independentemente da lingua que fale en pri-

<sup>8</sup> [www.lavozdeg Galicia.es/vigo/2008/06/17/0003\\_6912509.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/vigo/2008/06/17/0003_6912509.htm)

vado ese público. En ningún caso ningunha empresa perdeu clientela por empregar o galego, máis ben ao contrario. Se os estudos deitan datos evidentes, que tipo de motivacións fan que o empresariado medio sexa aínda refractario ao uso do galego? Non hai ningún motivo lingüístico ou económico para non usar o galego, e si prexuízos ideolóxicos dalgúns empresarios, o que fai que, por exemplo, algunhas firmas galegas funcionen en portugués en Portugal ou en catalán en Catalunya pero en Galicia sigan usando exclusivamente o castelán.

*3. A normalización do galego é un negocio para algunhas empresas e particulares pola política de subvencións só ao galego da Xunta de Galicia.*

Efectivamente, é un negocio redondo para algúns xornais que traballan activamente contra o galego e moitas outras empresas e asociacións de empresarios que reciben subvencións millonarias e axudas a fondo perdido para usaren sequera un mínimo de galego e non o fan<sup>9</sup>.

Outras empresas non reciben nada por funcionaren en galego e non só non dan perdas senón que os seus beneficios e simpatías son evidentes: R, Adegas das Eiras, Pousadas de Compostela, Lácteos Bama, Frutas Vilar e centos de pequenos comercios por todo o país... Alguén imaxina o éxito de R se non chegase a facer da lingua galega un plus de calidade e distinción?

En todo caso, por cada euro por ano que recibe a lingua galega en subvencións (para traducións, cinema, editoras, cursos de aprendizaxe e reciclaxe etc.) o español recibe do Goberno español (de todos, incluídos nos outros os galegos) máis de 170 euros. Cal é a lingua verdadeiramente subvencionada?

*4. O galego impide a contratación de bos profesionais foráneos (executivos, directivos, profesores etc.).*

De tan obsesiva, a busca de argumentos contra o galego por parte dos negacionistas pode chegar a ser delirante. Os bos profesionais

<sup>9</sup> <http://www.temposdixital.com/?p=1847> [citado o 12 de novembro de 2009].

virán a Galicia cando os salarios e condicións laborais que pagan as empresas ou institucións galegas compensen a vida na «periferia» e nas cidades medias: sen AVE, sen conexións interurbanas de calidade, sen boa oferta de conexións aéreas, sen oferta cultural comparable ás grandes capitais etc., calquera «executivo de alto *standing*» antes de vir pensaríao moito. A lingua é o de menos e, en todo caso, ata agora mesmo foi sempre algo doadamente superable.

O portugués impide a contratación de bos profesionais foráneos en Portugal? Non. O holandés, o esloveno ou o islandés impiden ou dificultan a contratación de profesionais foráneos (executivos, científicos, directivos etc.) en todos estes países? Non. Son outras as pexas para esas contratacións. Teñen problemas de integración escolar os fillos deses profesionais cando van a eses países e teñen que estudar nesas «linguas pequenas»? Reclaman os executivos instalados en Portugal ou en Dinamarca educación para os seus fillos nalgunha lingua distinta do portugués ou do danés? Rexeitan traballar en Portugal ou Dinamarca pola «imposición» do portugués ou do danés?

O recente informe CVexplorer.com (2009) situou a Galicia como a sexta autonomía española por oportunidades laborais para directivos e executivos, por diante de moitas autonomías oficialmente monolingües en español (Castela-A Mancha, Estremadura, Murcia, Aragón, Asturias, Cantabria etc.). A segunda comunidade con máis oportunidades laborais para directivos e executivos é Cataluña, e a cuarta Valencia. Son os idiomas «autonómicos» ou son outros os condicionantes para a contratación de directivos e executivos?

A cooficialidade de galego e castelán, co galego como lingua preferente, non lle impide á universidade contratar excelentes investigadores estranxeiros, ou a determinadas empresas contrataren directivos foráneos. Esta desculpa non vale, agocha (outra vez máis) falsidades contra o idioma galego.

*5. O galego impide a captación de turistas, entre outras cousas porque a sinalética está só en galego.*

Semella un chiste, mais non o é. Un turista inglés ou francés ten que ser moi despistado para non entender «Porto» nin «Aeroporto» (*Port*, *Airport* en inglés e francés; *Puerto*, *Aeropuerto* en español). E

cremos que un alemán ou un inglés non entenderán «Estrada» (inglés *Street*, alemán *Strasse*, español *Carretera*), nin un francés entenderá «Rúa» (francés *Rue*)? Por iso os turistas non veñen, polo galego, como se deduce das rigorosas estatísticas e análises do Club Financiero de Vigo, nalgún deses informes tan serios que adoita elaborar.

Os turistas portugueses non teñen problema ningún e os españois tampouco. Pregúnteselles a estes turistas se lles molesta ou non entenden a sinalética en galego. O que impide a atracción de máis turistas son as cativas infraestruturas turísticas, a escasa capacitación do persoal, as deficientes comunicacións aéreas e ferroviarias etc., non a sinalética en lingua galega.

Ademais, é curioso que en moitas zonas turísticas de España haxa letreiros e indicadores só en inglés ou só en alemán e non se coñeza que exista ningunha revolta de masas nin incendio mediático como o que se fai contra outros idiomas españois en cadanseus territorios naturais.

#### 6. O galego dificulta as relacións empresariais.

Ao contrario. Os galegos temos unha vantaxe inmensa fronte ao resto dos españois: o galego facilita enormemente as relacións empresariais con Portugal e con Brasil (terceira potencia emerxente mundial) e non son poucas as empresas galegas instaladas no norte de Portugal que funcionan alí en portugués. Por iso, por termos unha lingua intercomprensible co portugués, os galegos somos os preferidos en Portugal e Brasil para todo tipo de traballos especializados (médicos, enxeñeiros, profesores, enfermeiros etc.) por diante doutros españois.

Isto de que o galego dificulta as relacións empresariais é unha mentira tan evidente que non a cre nin o xornalista máis ideoloxizado dos medios madrileños. Como poden demostrar isto se non é con impresións apriorísticas e prexuízos contra o galego? U-los rigorosos estudos que levan a estas conclusións? Non existen.

A lingua económico-empresarial por excelencia no mundo globalizado é o inglés, e non outras, tampouco o castelán. Pero en toda estratexia empresarial está demostrado que se vende máis tratando o potencial comprador na súa lingua. Os galegos galegofalantes parti-

mos con vantaxe: podemos usar o español nun mercado de 400 millóns de potenciais clientes e, por riba e a maiores, o galego nun mercado de 250 millóns máis. Por iso un empresario galegofalante é máis válido, dobremente válido. Dito dun xeito globalizador e falándonos en números empresariais: un galegofalante ten doada comunicación cun número de persoas semellante ao do inglés: 650 millóns (250 millóns do portugués + 400 millóns do español), un castelanfalante non.

A proba está en que Portugal e Brasil son os únicos países onde moitos empresarios galegos falan galego, porque lles é moi útil. O triste é que en Galicia bastantes destes mesmos empresarios non só non favorecen o uso nin empregan a lingua, senón que ademais, por clasismo, rexeitan aquí abertamente esa lingua que fóra lles abre máis mercados.

#### 7. Impoñenlles aos empresarios e comerciantes a rotulación en galego; se non, múltanos.

A todos os empresarios que traballan no territorio do Estado español impoñenlles o castelán en máis de 150 normas, decretos e artigos vixentes aínda no Estado. En moitos deles prevense multas contra as infraccións. E ninguén protesta. Non pasa nada. É normal. Son multas por non usar obrigatoriamente o español. En concreto, por exemplo, no ano 2008 tres reais decretos impoñían obrigatoriamente o uso do español na etiquetaxe de diversos produtos.

Na Lei de comercio de Galicia prevíase nun dos artigos que a rotulación dos comercios debería estar como mínimo en galego. Non se prohibía o castelán, senón que se prescribía tamén o galego, que é moi diferente.

Descoñecemos a existencia de advertencia de multas a quen infrinxa isto (malia esta falacia, non hai noticia de ningún empresario multado nin advertido), pero toda lei ou norma, se non leva previsto sancións para os seus infractores é papel mollado. Alguén imaxina unhas normas urbanísticas ou un código de circulación sen prever multas aos seus infractores?



## F. MENTIRAS SOBRE OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

1. *A maioría dos medios de comunicación galegos publican e emiten en castelán porque é a lingua de preferencia dos galegos.*

A inmensa maioría dos galegos, independentemente da súa lingua habitual, foron alfabetizados en castelán. O hábito lector «normal» da maioría dos galegos é en castelán, agás nas xeracións máis novas, onde paradoxalmente hai facilidade lectora nos dous idiomas oficiais pero uso activo baixo do galego debido a hábitos escolares, sociais e/ou familiares.

A maioría dos medios de comunicación publican e emiten en castelán por diversos motivos: porque están nas mans de grupos foráneos que nunca apostaron polo país; porque pensan erroneamente que se emiten en galego poden perder lectores ou oíntes (malia a todos os indicadores e estudos sociolóxicos que avisan do contrario); por inercia e hábitos adquiridos; por ideoloxía contraria a un uso socialmente normalizado da lingua; porque terían que reciclar moitos dos seus traballadores etc.

En Catalunya, *El Periódico de Cataluña* ten dúas edicións diarias idénticas en catalán e en castelán. A edición en castelán é a máis difundida e lida, é «a de sempre», aínda que a edición en catalán vai gañando lectores con moita lentitude.

Cando saíu *O Correo Galego* (agora *Galicia Hoxe*) como edición en galego de *El Correo Gallego* non triunfou na súa área de influencia por un motivo fundamental: tiña tres veces menos páxinas e información que a edición en castelán e un acento eminentemente cultural dirixido a un sector social concreto, non a un público xeral. Que pasaría se *Galicia Hoxe* fose igual en galego ao que é normalmente *El Correo Gallego* en castelán? Oxalá o puidésemos comprobar.

Cando en xullo de 1985 empezou a emitir a Radio Galega (24 horas en galego), todas as delegacións en Galicia das principais cadeas españolas (SER, COPE etc.) empezaron a emitir informativos e programas «rexionais» en galego. Cando despois duns meses se comprobou que os contidos da Radio Galega non eran competitivos, por estaren excesivamente sometidos ao control político, as outras emisoras respiraron aliviadas e volveron ao castelán. Se houbese uns medios

públicos (ou privados) en galego de alta calidade e pouco interferidos politicamente, sen ningunha dúbida provocaría nas outras emisoras privadas un efecto mimético.

O xornal gratuito *De Luns a Venres* lese con normalidade nas cidades onde se distribúe. Ninguén o rexeita por estar en galego, nin deixa de o coller e o ler, mesmo inmigrantes acabados de chegar a Galicia. É un síntoma de normalidade e de habituación rápida e sinxela á lectura en galego que algúns prefiren seguir ignorando.

Que pasaría se mañá os xornais máis difundidos en Galicia –logo de melloraren a calidade da información– sacasen edicións idénticas en galego e castelán para que a xente «libremente» puidese escoller? Posiblemente que durante uns poucos anos seguiría por inercia a maioría da xente léndoos en castelán, pero iría incrementándose o número de lectores das edicións en galego, algo que algúns obviamente non queren.

*2. A TVG e a RG, en tanto que medios pagados por todos os galegos, galegofalantes e castelanfalantes, deberían emitir a metade da programación en castelán.*

Se falamos en teoría, sen termos en conta a situación sociolingüística, non sería unha proposta irracional, posto que cos impostos de todos os galegos mantemos estas canles. Pero antes e de igual xeito, cos impostos de todos os españois (tamén dos falantes doutras linguas diferentes do castelán) mantéñense outras emisoras estatais; por tanto, TVE1, TVE2, TVE-I, 24Horas, RNE1, RNE3, RNE5, RC etc., deberían emitir cada unha delas para toda España catro horas diarias en catalán, dúas horas diarias en galego e media hora diaria en éuscaro, seguindo a proporción de falantes desas linguas no conxunto da poboación española. Cada unha destas emisoras emitiría diariamente para toda España 17,5 horas en castelán e o resto –6,5 horas diarias– nas outras linguas de España. Sería unha proposta de interese, que posiblemente os castelanfalantes rexeitarían en primeiro lugar.

O panorama en Galicia complicase coa adjudicación das concesións de emisoras autonómicas de radio e TV, obrigadas por lei a emitiren un 50 % en galego, obriga que na práctica se incumpre totalmente ao seren estas concesións vendidas ou alugadas posterior-

mente a grupos e cadeas estatais. Deste xeito, queda coutada a presenza do galego neses medios; ante unha transgresión así, resultaría gravísimo transixirmos nas porcentaxes de uso nos nosos medios audiovisuais públicos.

Chama a atención que os que defenden isto non se decatén da desmesurada desproporción existente entre os medios que emiten en castelán e os que o fan en galego. Que a CRTVG emita en galego, ademais dun mandato estatutario, supón só unha pinga nun contexto totalmente castelanizado.

## G. MENTIRAS SOBRE A NORMATIVA DO GALEGO

1. O galego normativo, o que nos impoñen, non é o galego que mamaron os nosos pais e avós, e que nós falamos. É un galego artificial, aportuguesado, é un neogalego que ninguén fala e, ademais, sempre están a cambiar a normativa.

Seguindo con esta argumentación, o español normativo, o que se impón, non é o español que fala ninguén en Galicia, nin en Andalucía nin en Canarias etc. É un español artificial, amadrileñado, é un neoespañol que ninguén fala. O portugués normativo, o que se impón, é un portugués artificial, alisboetado, un neoportugués que ninguén fala etc. e así absurdamente *ad infinitum* con cada unha das normativas das diferentes linguas.

É falsa esta afirmación. Toda lingua estandarizada é, por definición, unha construción ideal que só se emprega como tal en rexistros elevados e coidados moi formalizados. O galego normativo é unha convención de todos e de ninguén, baseado no coñecemento do galego popular de todas as zonas galegofalantes e do galego literario moderno legado por moi bos escritores, depurado de castelanismos, enriquecido con léxico culto da ciencia e da técnica e destinado aos usos cultos e oficiais do idioma. En todo caso, é o modelo elaborado polas persoas máis competentes na materia que hai en Galicia. O galego normativo está máis próximo dos diversos galegos populares do que pode estar o español normativo, do castelán falado en Andalucía, Canarias ou mesmo Galicia.

Canto ás reformas ortográficas do galego estamos diante doutro prexuízo que non se lle aplica ao castelán. A normativa vixente do galego é de 1982; en 1995 introducíronse unhas mínimas modificacións e en 2003 acadouse o consenso normativo. Todos os grandes cambios normativos do galego oficial en 25 anos caben en pouco máis dun folio. Porén, o castelán introduciu recentemente modificacións na súa normativa moito máis importantes que as que se introduciron no galego, aprobounas a Real Academia Española o 13/10/2004 e publicáronse no *Diccionario panhispánico de dudas*. Causoulles isto grandes traumas aos usuarios do español? Supuxo moitos atrancos no mundo escolar ou xornalístico? Ninguén se

queixou. Será porque ao castelán todo se lle perdoa e ao galego non se lle pasa nin unha?

2. *En Galicia non se fala galego normativo senón castrapo; o galego normativo é un invento de laboratorio.*

O negacionismo intenta presentar como castrapo o galego popular, o galego común interferido verticalmente polo castelán, cando non é certo. En Galicia fálanse maioritariamente galego e castelán de Galicia. Entre galego normativo e castelán normativo hai toda unha gradación de usos, aínda que os dicionarios só definen como castrapo a «denominación pexorativa da variedade castelá falada en Galicia moi influída polo galego na súa prosodia, fonética, morfosintaxe e léxico».

Son lóxicas as mutuas interferencias entre dúas linguas próximas que se usan nun mesmo territorio, pero en Galicia non teñen o mesmo grao de reciprocidade ao non se dar unha relación de igualdade social entre as dúas. Non se trata tanto dun lóxico contacto horizontal entre linguas como dunha histórica imposición vertical da foránea sobre a nativa. O galego popular presenta así castelanismos (sobre todo léxicos) que o galego normativo depura e elimina substituíndolos por formas galegas recuperadas para a maior parte ou todos os falantes (*avó, coello, parella, deus, igrexa, persoa, alleo, financiamento, polbo, vasoira, garfo, culler etc.*). Da mesma maneira, o castelán rexional de Galicia presenta aínda máis interferencias do galego, sobre todo na fonética, na prosodia, na morfoloxía e no léxico natural (flora, fauna, sentimentos etc.).

Algunhas persoas din que non falan galego para non o falar mal; porén, nunca deixarían de falar o castelán aínda que o falen mal, pois nunca dirían: «prefiero no hablar el castellano porque no lo sé hablar bien» ou «no lo hablo porque lo hablo muy mal». Os prexuízos contiñúan a actuar en contra do galego.

En Galicia fálanse un galego que, en referencia coas respectivas normas, é igual de correcto que o castelán que se fala en Galicia ou en Estremadura, por citar dous exemplos distantes tanto fonética como lexicamente.

O galego está deturpado por abundantes castelanismos inducidos polas prácticas políticas e sociais de menosprezo para o galego e o

desexo de o facer desaparecer. Son moitos os exemplos, pero parémonos nun que é significativo e claro. Hoxe en día é máis frecuente escoitar en Galicia dicir *Dios* que *Deus* (mesmo nas blasfemias, expresións de estrutura lingüística castelá e non galega). É ou non é iso responsabilidade social dunha igrexa que nega a posibilidade de rezar, de invocar a Deus en galego? Sería a mesma a situación verbal deste concepto se a Igrexa galega tivese asumido que se podería invocar a Deus en galego e non só en latín ou en español?

No caso do castelán temos escoitado todos como na comarca de Ferrol se fala con total normalidade da *silvera*, e en toda Galicia de *colo, esmagar, pota, tartera, dar hecho, dar llegado, caramujo, tojo, penedo, rapante/meiga, pega, curriño* etc. E todas esas numerosas interferencias son recollidas e usadas sen desdouro do castelán normativo. A norma nunca é máis que unha referencia desexable, un estándar que nos convoca e nos indica o camiño que nos afasta da substitución da nosa lingua pola allea.

Na lingua galega o proceso de normativización ou estandarización tivo lugar moito máis tarde que o doutras linguas europeas que acadaron antes a consideración de oficiais. Todas as grandes linguas de cultura (francés, italiano, castelán etc.) foron «dialectos» que tiveron unha elaboración e estandarización case milenaria e tiveron tamén un «exército» administrativo e político que impuxo as súas formas normativas sobre as demais variedades destas linguas e sobre outras linguas.

A elaboración medieval do galego quedou interrompida pola imposición oficial do castelán en Galicia. Desde comezos do século XIX o galego rexurdiu da man dos nosos escritores nun proceso de elaboración espontánea e constante que continuou no primeiro terzo do século XX (Seminario de Estudos Galegos, Nós etc.). Ata a segunda metade do século XX ningunha institución nin ningunha individualidade propuxera un modelo lingüístico de referencia, pero nesta época foron fundamentais os criterios unificadores da editorial Galaxia. É en 1982 cando aparecen as primeiras normas oficiais da lingua galega, cando o galego adquire rango de oficialidade. Levamos concentrado nestes 27 anos o traballo dos últimos 200, mentres que outras linguas veñen facendo este labor continuo de perfeccionamento desde hai máis de 500 anos. É normal que aínda nos esteamos afacendo a esta fixación oficial da lingua, a esta restauración, limpeza, depuración e reconstrución da forma culta do idioma.

Imaxinemos unha persoa que padeceu un cancro e logrou curarse despois de anos de tratamento médico. É agora un produto de laboratorio? Os cirurxiáns discriminaron positivamente esa persoa cando a operaron ou os enfermeiros cando a coidaron e medicaron? Non, axudárona a recuperarse para facer vida normal. Esas intervencións planificadas, esas operacións cirúrxicas, ese tratamento especializado para volver a unha vida normal, é o proceso de estandarización que seguiu o galego durante os últimos anos. A quen lle molesta que o enfermo se recupere e volva á vida normal? Pódese curar un cancro con cirurxía estética? Pois tampouco se pode recuperar a vitalidade dunha lingua con medidas superficiais.

Ora ben: o galego normativo, restaurado, recuperado, rehabilitado, está moi próximo do galego común (moito máis próximo do que pode estar o castelán de Andalucía ou de Estremadura do castelán normativo, por exemplo), é o galego popular descolonizado de castelanismos, depurado e útil para a comunicación da cultura moderna, válido para todos os galegos e todos os usos da lingua, reconstruído coa introdución de nova terminoloxía científica e técnica, tanto recorrendo ao fondo histórico do galego como recorrendo tamén nalgúns casos ao portugués actual. Porque o galego, como calquera outra lingua viva, é rica en rexistros (culto, popular, coloquial etc.) e variedades dialectais intercomprensibles para toda a poboación. Busquen os negacionistas outro prexuízo crible porque este non vale.

*3. O galego non serve para tratar ben todos os temas, non ten léxico moderno apropiado e por iso se inventan parvadas. Non é axeitado para a filosofía ou as matemáticas. Nas clases e nos libros de texto confunden os rapaces con expresións como «elevado ao caldeiro» (elevado ao cubo) e «leiras magnéticas» (campos magnéticos).*

Os científicos galegos do Centro de Investigacións Nucleares de Xenebra (Suíza)<sup>10</sup> xa se encargaron publicamente de desmontar esta falacia cando se estendeu desde varios xornais de Galicia: o galego é tan apropiado como calquera outra lingua para tratar todos os temas,

<sup>10</sup> <http://www.vieiros.com/nova/74351/cientificos-galegos-no-exterior-fan-publico-un-manifesto-en-defensa-da-lingua> [citado o 9 de novembro de 2009].

desde física a astronomía pasando por medicina, economía ou edafoloxía. A inmensa maioría do caudal técnico e científico procede en todas as linguas modernas de termos grecolatinos e, tamén, ingleses: *átomo, protón, precipitación, división, célula, glicosa, cúbico, lei da gravidade, teorema, software, cash-flow* etc. En galego é posible falar e escribir con precisión de calquera tema.

O galego, como calquera lingua de cultura e investigación, está regularizando e adaptando terminoloxía de campos semánticos aos que ata hai pouco non tivera acceso. Esta modernización, pola que o galego se pon á altura de calquera lingua normal de comunicación internacional, non lles gusta aos que desprezan o noso idioma, que inventan este tipo de bulos urbanos sen fundamento ningún: «Nun colexio de Lugo din leiras magnéticas» ou «un profesor dun instituto de Vigo dixo cinco elevado ao caldeiro». E o bulo circula sen que nunca se diga o profesor concreto, o libro concreto, o texto concreto, o centro concreto onde, cando e como se dixeron eses despropósitos. Porque nunca se escribiron nin se dixeron. É simplemente máis desprestixio que, de mala fe, están a botar enriba do galego. Cando o galego non se pode criminalizar hai que o ridiculizar.

*4. Castelán e galego ocuparon cadanseu lugar na sociedade galega e fóronse enriquecendo mutuamente ao longo da historia, de aí as lóxicas interferencias que galeguizan o noso castelán e castelanizan o noso galego. A Lei de normalización lingüística de 1983 e, sobre todo, o Decreto 124/2007 racharon esa pacífica convivencia enriquecedora, racharon o bilingüismo cordial ou harmónico.*

Do mesmo xeito, con negra ironía poderíase afirmar que brancos e negros, ou amos e criados, ocuparon sempre candanseus lugares en moitas sociedades e se foron mesturando ao longo da historia (preferentemente os brancos nas negras e os amos nas criadas), de aí que houbese desde sempre mestizos e mulatos dando moito colorido á sociedade. E coa mesma negra ironía poderíase argumentar que as leis de final da escravitude e, sobre todo, as leis de final do apartheid romperon esa pacífica convivencia multicromática.

Non, galego e castelán non se foron «enriquecendo mutuamente», en absoluto. O castelán penetrou fortemente no galego no léxico

culto, escolar, administrativo, científico, alá onde o galego estivo, ben *de facto*, ben *de iure*, prohibido. O galego penetrou no castelán falado por galegos no máis auténtico, íntimo e inamovible dunha lingua: a fonética e a prosodia que moitos, aínda que quixeron, nunca puideron disimular.

O Decreto 124/2007 non rachou ningunha pacífica convivencia ou bilingüismo harmónico e bucólico; máis ben ao contrario, veu tratar de pór orde, paz e igualdade nun conflito lingüístico histórico entre o castelán (foráneo, imposto pola forza, minoritario) e o galego (nativo, asoballado, aínda maioritario). Está visto que hai xente que non quere a paz e a convivencia lingüística, senón segregación, apartheid, privilexios e conflito permanente na procura da minorización, infravaloración e desaparición do galego, para maior gloria dunha idea de España miseravelmente uniforme.

Ata agora non houbera problemas co galego por unha razón ben máis sinxela: porque a escasa lexislación non se cumpría, semellaba ter unha función decorativa. Os problemas xurdiron cando parecía que se ía comezar en serio a aplicar a lexislación.

## H. MENTIRAS SOBRE A UTILIDADE DO GALEGO

*1. O galego non serve máis que para usar en Galicia, non ten proxección internacional como ten o castelán.*

O español é unha lingua que abre portas fóra de España (400 millóns de persoas), pero o galego tamén as abre coa galaicoluso-fonía (250 millóns). Un galegofalante é, desde unha perspectiva comunicativa, falando, dobremente válido. Ora ben, é falso que as abran todas: en ciencia e investigación ningunha das dúas ten proxección, o español apenas é empregado no escenario tecnolóxico, científico e político internacional. En todo caso, medir a importancia dunha lingua polo número de falantes é confundir cantidade con calidade.

Para facermos vida en Galicia (que é onde vivimos e onde queremos seguir vivindo e traballando habitualmente nós e os nosos fillos, pois queremos viaxar moito e coñecer mundo pero non emigrar como moitos dos nosos) non deberiamos precisar máis que o galego, igual que para vivir normalmente en Dinamarca non se precisa máis que o danés, ou en Lituania máis que o lituano, para pensar, para falar cos pais, para falar cos veciños, para escribir un artigo nun xornal, para dicirlle ao médico onde me doe, para declarar ante un xuíz, para presentar unha denuncia na policía, para subscribir unha hipoteca, para namorar, para maldicir etc. Resulta curioso comprobar como moita da xente di que necesita do castelán (e non do galego) cando apenas se moveu nin se vai mover de Galicia.

Os galegos fomos un pobo emigrante. Estivemos e estamos aínda en Suíza, Alemaña, Australia, Inglaterra, Brasil, EUA, Francia, Bélxica, Holanda, Portugal, Canadá etc., e aprendemos a falar francés, inglés, alemán, holandés, portugués, italiano ou o que fose sen problemas. Foinos necesario o castelán para vivir e traballar en todos estes e outros países?

Está sobradamente demostrado que cantos máis idiomas se dominan desde a infancia, máis doado é dominar despois outros novos. Os galegos temos o noso, e grazas a el abrimos comunicación cos 250 millóns de falantes de portugués de varios continentes; aprende-

mos castelán sen dificultades porque nos é moi próximo, e ábrenos comunicación con outros 400 millóns de persoas en América e, precisamente por sermos competentes en dúas linguas desde cativos, podemos doadamente acceder a outras como o francés, inglés, italiano etc. Temos máis vantaxes que un monolingüe en castelán, precisamente porque partimos dun idioma diferente. Esa diferenza é un plus de coñecemento e distinción: quen sabe galego sempre sabe máis e pode chegar a falar aínda máis idiomas.

Mais aínda no falso suposto de que o galego non tivese proxección internacional, hai unha vintena de linguas oficiais de estados europeos que «non teñen proxección internacional» e os seus falantes non morren por iso, nin se avergoñan, nin deixan de as usar a favor doutras, senón que as falan, usan, defenden, cultivan e protexen: neerlandés (23 millóns), húngaro (15 millóns), checo (12 millóns), sueco (9 millóns), danés (5,5 millóns), finés (5 millóns), eslovaco (5 millóns), noruegués (5 millóns), lituano (3 millóns), esloveno (2 millóns), estoniano (1,5 millóns), letón (1,5 millóns), luxemburgués (350.000), islandés (300.000), gaélico (300.000), maltés (250.000) etc.

Non ter proxección internacional ou non ter centos de millóns de falantes non é garantía de utilidade ou inutilidade. O hindi, o iorubá, o chinés cantonés, o chinés wu ou o swahili teñen centos de millóns de falantes e tampouco non teñen proxección internacional ningunha. Pero os seus falantes fálanas, non se avergoñan delas e fan vida normal nesas linguas. Son moi poucas as linguas do mundo que teñen «proxección internacional», apenas media ducia. Son linguas útiles para viaxar, comerciar, investigar etc. pero as realmente útiles son as linguas para vivir a diario, e en Galicia a lingua propia para vivir a diario é desde sempre a lingua que creou o noso pobo durante centos de anos: o galego.

Pero é que ademais o galego —dá a casualidade— ten proxección internacional pola súa proximidade estrutural e a súa inherente intercomprensibilidade co portugués oficial en sete estados do mundo e 250 millóns de falantes. Os galegos galegofalantes (os verdadeiros bilingües), por exemplo, son preferidos nos contratos en sanidade en Portugal e nos contratos en ensino ou na industria en Brasil, terceira potencia emerxente mundial, precisamente porque «xa traen a lingua sabida».

*2. Abonda con entender o galego para vivir en Galicia, non fai falla ningunha aprendelo, non nos poden impoñer aprendelo nin usalo, co que é máis que suficiente a existencia da materia de Lingua galega no sistema escolar.*

Negarse a aprender a falar galego (como se deduce desta afirmación) implica desprezo absoluto e negación ideolóxica. Desde 1983, o sistema educativo galego ten como un dos seus obxectivos básicos que o alumnado adquira unha plena competencia nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar.

Quen non saiba galego é menos competente e menos apto, e non debería poder optar a moitas prazas da función pública (administración, ensino, medios públicos, sanidade etc.). Tampouco posúe a mesma capacitación para outras prazas (medios de comunicación, xustiza, Administración do Estado, traslados a Galicia etc.). Non se respecta deste xeito o principio constitucional da igualdade nin coas garantías de atendimento ao administrado na lingua da súa preferencia. Non abonda con entendelo, cómpre falalo e escribilo ben para ser unha persoa competente e con máis posibilidades sociolaborais en Galicia.

É necesario que funcionarios, médicos, xuíces, fiscais, notarios, profesores etc., saiban falar galego para non seren sentidos como corpos estraños e alleos na nosa sociedade, onde o normal é que calquera fale como pouco galego e castelán. Que garantías e confianza ofrecen un xuíz, un policía, un administrativo ou un médico que non interactúan en galego cos administrados, pacientes ou cidadáns que se dirixen a eles en galego?

*3. Cantos máis falantes teña unha lingua, maior será a súa utilidade.*

Depende de moitos factores. Aí está o caso do hindi, ou do chinés cantonés, o chinés wu ou outros idiomas con centos de millóns de falantes e con «pouca ou ningunha utilidade» fóra de cadansúas comunidades. Depende do lugar. En Galicia o chinés mandarín, a lingua máis falada do mundo, é moi pouco ou nada útil, e o mesmo podemos dicir do ruso, do swahili ou do inglés. En toda Europa o

español é pouco útil, ou moito menos útil que o francés ou que o alemán, aínda que no mundo teña máis falantes que estes idiomas.

A utilidade dunha lingua mídese pola capacidade para nos permitir comunicar a diario e construír pensamento, e non pola cantidade de persoas que a falan. E o galego, como tal lingua, en Galicia por definición xa ten esa capacidade. Que utilidade tiña o albanés para Ismail Kadare? Pois a de expresar artisticamente o seu mundo, a de vivir con normalidade en Albania en albanés, e tamén, por exemplo, para gañar o Premio Príncipe de Asturias das Letras 2009 e numerosos premios, galardóns e recoñecementos internacionais por unha obra literaria escrita integramente en albanés, lingua de 10 millóns de persoas falada en seis estados europeos.

## I. MENTIRAS VERBO DA CULTURA

*1. Os escritores galegos en castelán non teñen subvencións, non teñen premios aos que se presentar en Galicia e están marxidados e discriminados do sistema cultural galego porque non son tratados con igualdade.*

Curioso xeito de presentar unha realidade que é xustamente ao revés. Calquera escritor en castelán ten centos de premios de todo tipo e moi ben dotados aos que se presentar, en España e no mundo enteiro (e varios tamén en Galicia), así como ducias de editoriais onde publicar, por non falar xa dos 400 millóns máis de potenciais lectores. Pola contra, un escritor en galego só ten uns poucos premios aos que se presentar (a maioría, en Galicia) e un número limitado de editoriais ás que recorrer. Alén diso, dado que unha boa parte da poboación non está alfabetizada en galego e non ten hábitos lectores en galego, os seus potenciais lectores serán moitos menos. En canto á súa presenza na vida cultural e ás axudas que reciben do Goberno galego, se de algo se poden cualificar é de escasas. Pola contra, un escritor en castelán ten todo o aparello cultural, mediático e económico do Estado á súa disposición.

Dá a impresión de que non lles chegan as axudas á creación do Ministerio de Cultura do Goberno de España, o Instituto Cervantes e centos e centos de fundacións. Aínda queren competir cos autores en galego polas escasas axudas á creación da Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia, que ten a obriga estatutaria de protexer e promover a cultura galega.

*2. A cultura galega é a que fan os galegos, independentemente do idioma que utilicen, e todos teñen dereito a subvencións públicas, pero a Xunta só subvenciona teatro e cinema feito en galego, discriminando o teatro e o cinema feito por galegos en castelán.*

Non é así, polo que acabamos de ver antes. Quen fai cultura en castelán ten millóns de oportunidades máis. Resulta pouco presentable que queira tamén aproveitar as subvencións á cultura galega.



Cultura galega é a que se fai en galego. Cultura española é a que se fai en español, desde Galicia ou desde Ulam Bator, para galegos, tibetanos ou suecos.

É literatura galega a que fan noutros idiomas persoas nadas en Galicia? É literatura galega a da escritora brasileira Nélide Piñón, orixinaria de Cotobade? É literatura galega a que fai sempre en catalán o betanceiro Xulio Ricardo Trigo?

Pero é que ademais a Xunta subvenciona como «cine galego» toda produción rodada en Galicia (o gran plató de balde de España), independentemente de se está realizada a fita orixinalmente en galego ou noutras linguas. Ata hai un ano os filmes rodados en galego, éuscaro e catalán non tiñan acceso ás subvencións do Instituto Nacional de Cinematografía porque desde Madrid só se concibe cultura «española» como a cultura vehiculada en castelán, discriminando todo produto feito noutras linguas españolas. Se a Xunta non apoiase con todo o seu esforzo os produtos feitos en galego, quen o faría?

*3. A literatura galega é a que crean os escritores galegos, independentemente da lingua en que escriban.*

Non é certo. A patria dun escritor é a súa lingua, escribiu Pessoa. A literatura galega é a que se fai en lingua galega, independentemente da nacionalidade do escritor: a norteamericana Anne Marie Morris, a alemá Úrsula Heinze, o franco-moselano Frank Meyer etc., son escritores do sistema literario galego porque escribiron ou escriben orixinalmente en galego ou tamén en galego. Hai escritores que poden pertencer a dous ou máis sistemas literarios, pero esa adscrición é pola lingua orixinal das súas obras, non polo lugar de orixe ou residencia. Federico García Lorca é un exemplo desa dobre adscrición, xa que tamén pertence ao sistema cultural galego polos seus seis fermosos poemas escritos na nosa lingua en 1935.

Se ese falaz axioma fose certo, sería literatura galega a que escribiu Valle-Inclán ou Camilo José Cela en español, pero tamén o serían as novelas que escribiron os galegos Nélide Piñón en portugués brasileiro e Xulio Ricardo Trigo (Betanzos, 1959) en catalán. Unha novela en catalán escrita por un galego (con nome galego e todo) é literatura galega? Non. Pois unha obra escrita en castelán, por magnífica

que sexa e galeguísimo que sexa o seu autor, tampouco é literatura galega.

Literatura galega só é aquela escrita orixinalmente en galego, igual que cinema galego só é aquel rodado orixinalmente en galego ou música galega é –se leva letra– a composta orixinalmente para ser cantada en galego, independentemente de que haxa obras escritas, gravadas e rodadas en ou sobre ambiente galego, tema galego, por autores galegos, con personaxes galegos etc. A lingua é o que determina primixeniamente a adscrición dunha obra artística ou cultural que se apoie na expresión oral e escrita.

A que sistema literario pertence a premio Nobel de Literatura 2009, Herta Müller, ao romanés ou ao alemán? Sen dúbida a este último, porque escribiu en alemán, por máis que nacesse e se criase en Romanía e falase perfectamente romanés oficial e a lingua da súa minoría étnica: o alemán. A lingua determina o sistema literario e cultural no que se clasifica e se quere inserir un autor. Literatura galega, sen ningunha dúbida, só é aquela que se escribe en galego, independentemente da orixe, nacemento, residencia ou procedencia do autor.

## ÍNDICE

Limiar .....	7
Actitudes e prexuizos .....	9
Mentiras sobre a historia das linguas .....	11
Mentiras sobre sociedade e identidade .....	21
Mentiras sobre ensino e dereitos .....	33
Falacias na administración .....	51
Falacias no mundo do comercio e a empresa .....	55
Mentiras sobre os medios de comunicación .....	61
Mentiras sobre a normativa do galego .....	65
Mentiras sobre a utilidade do galego .....	71
Mentiras verbo da cultura .....	75

Este libro acabouse de imprimir o 17 de novembro de  
2009, XCI aniversario da primeira asemblea das Irmandades  
da Fala celebrada no hotel Méndez Núñez de Lugo o 17 de  
novembro de 1918.